



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 600
23 de novembro de 2023



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Cualificación de emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia (doc. núm. 59988, 11/PL-000025)

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 61576)

[228695](#)

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 61587)

[228709](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 62462 (11/POP-009716)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a dotación por parte da Xunta de Galicia dos recursos necesarios para prestar unha atención directa nos servizos sociais públicos

[228729](#)

Admisión a trámite e publicación

■ 62114 (11/POP-009667)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as condicións en que están as instalacións do CEIP Vite I, de Santiago de Compostela

[228734](#)

■ 62125 (11/POP-009668)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o modelo de xestión que pensa escoller a Xunta de Galicia para os centros residenciais doados por parte da Fundación Amancio Ortega

[228736](#)

■ 62132 (11/POP-009669)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a exclusión de Vigo para a instalación da fábrica de baterías prevista por Stellantis

[228739](#)



I 62138 (11/POP-009670)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre o traballo que está a facer a Consellería de Sanidade en relación co aproveitamento da intelixencia artificial (IA) no campo da sanidade

[228742](#)**I 62140 (11/POP-009671)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre as actuacións que leva a cabo a Xunta de Galicia orientadas á mellora da atención da dor crónica e aguda no eido sanitario

[228744](#)**I 62159 (11/POP-009672)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre a posibilidade de venda do proxecto Galicia Sports 360 e mais do Celta de Vigo

[228746](#)**I 62165 (11/POP-009673)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre a estratexia que a Xunta de Galicia vai poñer en marcha para frear a suba dos alugueiros da vivenda libre

[228749](#)**I 62166 (11/POP-009674)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre o desenvolvemento das declaracións de áreas tensionadas como medida ante a suba continua dos alugueiros da vivenda

[228753](#)**I 62171 (11/POP-009675)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto á cobertura de todas as prazas baleiras no Centro de Saúde de Viveiro

[228757](#)**I 62185 (11/POP-009676)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre o apoio económico da Xunta de Galicia ao sector marisqueiro que se viu afectado pola masiva mortalidade de marisco nas últimas semanas

[228760](#)**I 62188 (11/POP-009677)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as medidas que pensa tomar a Xunta de Galicia para recuperar a produtividade das rías gallegas

[228763](#)

I 62192 (11/POP-009678)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Vidal, Ana Belén e 6 máis**Sobre o apoio do Goberno galego ao asociacionismo veciñal nos concellos de Galicia [228767](#)**I 62196 (11/POP-009679)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis**Sobre a situación en que se atopa o desenvolvemento das infraestruturas viarias da Mariña lucense [228769](#)**I 62198 (11/POP-009680)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis**Sobre os compromisos en materia de infraestruturas acadados polo BNG e o PSOE no pacto de investidura do candidato á presidencia do Goberno de España [228771](#)**I 62212 (11/POP-009682)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**Sobre a demanda veciñal no Carballiño respecto do incremento dunha praza de matrona no centro de saúde [228773](#)**I 62217 (11/POP-009683)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana**Sobre o compromiso da Xunta de Galicia en relación coa substitución do actual CEIP de Pazos de Reis, concello de Tui, por un centro de nova construción [228776](#)**I 62241 (11/POP-009684)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís**Sobre as medidas que pensa adoptar o Goberno galego verbo da xestión que se está a facer das augas residuais procedentes da explotación mineira de San Fins [228778](#)**I 62247 (11/POP-009685)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis**Sobre a situación en que se atopa a empresa Fandicosta [228781](#)**I 62254 (11/POP-009686)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**Sobre as actuacións de mellora da seguridade viaria que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia na estrada PO-252 ao seu paso por Xunqueiras, en Pazos de Borbén [228783](#)**I 62260 (11/POP-009687)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Rodil Fernández, Olalla e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o criterio que pensa adoptar a Xunta de Galicia ante a eventual supresión de titulacións no Campus Terra de Lugo [228786](#)

I 62264 (11/POP-009690)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as razóns polas que ten carácter condicionado o fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local que a Xunta de Galicia destina a concellos de menos de 15.000 habitantes [228789](#)

I 62272 (11/POP-009691)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e 6 máis

Sobre a diferenza de trato por parte do Goberno central ás comunidades autónomas do País Vasco e Galicia nas súas respectivas reivindicacións da xestión do litoral [228791](#)

I 62279 (11/POP-009692)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia no marco do conflito laboral do sector das traballadoras da limpeza da provincia de Lugo [228793](#)

I 62281 (11/POP-009693)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as causas da caída do sistema informático do Sergas do 14 de novembro [228796](#)

I 62285 (11/POP-009694)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a capacidade do Goberno galego para controlar a xestión da riqueza natural nos proxectos que impulse a nova sociedade público-privada Recursos de Galicia [228798](#)

I 62289 (11/POP-009695)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as últimas achegas estatais recibidas pola Xunta de Galicia para a creación de prazas públicas e gratuítas do primeiro ciclo de educación infantil [228800](#)

I 62300 (11/POP-009696)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre os fondos recibidos por Galicia desde 2021 procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de economía dos coidados e políticas de inclusión [228802](#)

I 62308 (11/POP-009697)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o polígono agroforestal que proxecta a Consellería do Medio Rural en Castrelo de Miño

[228804](#)

I 62317 (11/POP-009698)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os proxectos referidos á normalización lingüística que pensa desenvolver a Xunta de Galicia ao abeiro do programa orzamentario 151A, Fomento da lingua galega, para 2024

[228807](#)

I 62323 (11/POP-009699)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a cobertura das baixas do persoal médico do Centro de Saúde de Pazos de Borbén

[228810](#)

I 62328 (11/POP-009700)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre o feito de que aínda non se saiban as intencións do Goberno central respecto do eventual aumento de peaxes en 2024 nas autoestradas AP-9 e AP-53

[228814](#)

I 62347 (11/POP-009701)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 3 máis

Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para consolidar a actividade e o emprego no sector mar-industria

[228816](#)

I 62353 (11/POP-009702)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as perspectivas que ten a Xunta de Galicia no referido ás melloras do transporte público na comarca da Barbanza

[228819](#)

I 62362 (11/POP-009703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a posibilidade de restablecer de forma permanente a Tarxeta Básica

[228823](#)

I 62367 (11/POP-009704)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre as actuacións realizadas pola Consellería de Política Social e Xuventude en relación coas irregularidades denunciadas nos procedementos de inspección dos servizos sociais

[228826](#)

I 62374 (11/POP-009705)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis



Sobre as actuacións que ten previstas o Goberno galego para que o desenvolvemento da Lei de creación dun fondo de compensación para as vítimas do amianto cumpra coas expectativas deste colectivo

[228828](#)

I 62380 (11/POP-009706)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre as necesidades que identifica o Goberno galego para aproveitar ao máximo as oportunidades do desenvolvemento da alta velocidade ferroviaria en Galicia

[228831](#)

I 62386 (11/POP-009707)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas de apoio do Goberno galego dirixidas ao sector da frota pesqueira galega afectada polo Brexit

[228833](#)

I 62390 (11/POP-009708)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre o control da seguridade industrial e da contaminación de augas no polígono das Somozas

[228836](#)

I 62396 (11/POP-009709)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia ten en marcha, ou aquelas que proxecta, co fin de evitar a mingua da produción de polbo nas rías galegas

[228839](#)

I 62398 (11/POP-009710)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o actual acordo de investidura no que se recolle a posibilidade da constitución de comisións de investigación ao abeiro da futura lei de amnistía co fin de determinar situacións de *lawfare*

[228842](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación de emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia (doc. núm. 59988, 11/PL-000025)

A Mesa da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, na súa sesión do día 22 de novembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación de emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia (doc. núm. 59988, 11/PL-000025)

Examinados os escritos presentados e, dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 61576)

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 61587)

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 20 de novembro de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 62462 (11/POP-009716)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a dotación por parte da Xunta de Galicia dos recursos necesarios para prestar unha atención directa nos servizos sociais públicos

Admisión a trámite e publicación

- 62114 (11/POP-009667)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre as condicións en que están as instalacións do CEIP Vite I, de Santiago de Compostela

- 62125 (11/POP-009668)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre o modelo de xestión que pensa escoller a Xunta de Galicia para os centros residenciais doados por parte da Fundación Amancio Ortega

- 62132 (11/POP-009669)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a exclusión de Vigo para a instalación da fábrica de baterías prevista por Stellantis

- 62138 (11/POP-009670)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre o traballo que está a facer a Consellería de Sanidade en relación co aproveitamento da intelixencia artificial (IA) no campo da sanidade

- 62140 (11/POP-009671)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as actuacións que leva a cabo a Xunta de Galicia orientadas á mellora da atención da dor crónica e aguda no eido sanitario

- 62159 (11/POP-009672)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a posibilidade de venda do proxecto Galicia Sports 360 e mais do Celta de Vigo

- 62165 (11/POP-009673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a estratexia que a Xunta de Galicia vai poñer en marcha para frear a suba dos alugueiros da vivenda libre

- 62166 (11/POP-009674)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre o desenvolvemento das declaracións de áreas tensionadas como medida ante a suba continua dos alugueiros da vivenda

- 62171 (11/POP-009675)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat



Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto á cobertura de todas as prazas baleiras no Centro de Saúde de Viveiro

- 62185 (11/POP-009676)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre o apoio económico da Xunta de Galicia ao sector marisqueiro que se viu afectado pola masiva mortalidade de marisco nas últimas semanas

- 62188 (11/POP-009677)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas que pensa tomar a Xunta de Galicia para recuperar a produtividade das rías galegas

- 62192 (11/POP-009678)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Vidal, Ana Belén e 6 máis

Sobre o apoio do Goberno galego ao asociacionismo veciñal nos concellos de Galicia

- 62196 (11/POP-009679)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a situación en que se atopa o desenvolvemento das infraestruturas viarias da Mariña lucense

- 62198 (11/POP-009680)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre os compromisos en materia de infraestruturas acadados polo BNG e o PSOE no pacto de investidura do candidato á presidencia do Goberno de España

- 62212 (11/POP-009682)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a demanda veciñal no Carballiño respecto do incremento dunha praza de matrona no centro de saúde

- 62217 (11/POP-009683)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o compromiso da Xunta de Galicia en relación coa substitución do actual CEIP de Pazos de Reis, concello de Tui, por un centro de nova construción

- 62241 (11/POP-009684)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís



Sobre as medidas que pensa adoptar o Goberno galego verbo da xestión que se está a facer das augas residuais procedentes da explotación mineira de San Fins

- 62247 (11/POP-009685)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 3 máis

Sobre a situación en que se atopa a empresa Fandicosta

- 62254 (11/POP-009686)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións de mellora da seguridade viaria que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia na estrada PO-252 ao seu paso por Xunqueiras, en Pazos de Borbén

- 62260 (11/POP-009687)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández Davila, María Cristina

Sobre o criterio que pensa adoptar a Xunta de Galicia ante a eventual supresión de titulacións no Campus Terra de Lugo

- 62264 (11/POP-009690)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as razóns polas que ten carácter condicionado o fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local que a Xunta de Galicia destina a concellos de menos de 15.000 habitantes

- 62272 (11/POP-009691)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e 6 máis

Sobre a diferenza de trato por parte do Goberno central ás comunidades autónomas do País Vasco e Galicia nas súas respectivas reivindicacións da xestión do litoral

- 62279 (11/POP-009692)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia no marco do conflito laboral do sector das traballadoras da limpeza da provincia de Lugo

- 62281 (11/POP-009693)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as causas da caída do sistema informático do Sergas do 14 de novembro

- 62285 (11/POP-009694)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis



Sobre a capacidade do Goberno galego para controlar a xestión da riqueza natural nos proxectos que impulse a nova sociedade público-privada Recursos de Galicia

- 62289 (11/POP-009695)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as últimas achegas estatais recibidas pola Xunta de Galicia para a creación de prazas públicas e gratuítas do primeiro ciclo de educación infantil

- 62300 (11/POP-009696)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre os fondos recibidos por Galicia desde 2021 procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de economía dos coidados e políticas de inclusión

- 62308 (11/POP-009697)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o polígono agroforestal que proxecta a Consellería do Medio Rural en Castrelo de Miño

- 62317 (11/POP-009698)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os proxectos referidos á normalización lingüística que pensa desenvolver a Xunta de Galicia ao abeiro do programa orzamentario 151A, Fomento da lingua galega, para 2024

- 62323 (11/POP-009699)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a cobertura das baixas do persoal médico do Centro de Saúde de Pazos de Borbén

- 62328 (11/POP-009700)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre o feito de que aínda non se saiban as intencións do Goberno central respecto do eventual aumento de peaxes en 2024 nas autoestradas AP-9 e AP-53

- 62347 (11/POP-009701)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis

Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para consolidar a actividade e o emprego no sector mar-industria

- 62353 (11/POP-009702)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis



Sobre as perspectivas que ten a Xunta de Galicia no referido ás melloras do transporte público na comarca da Barbanza

- 62362 (11/POP-009703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a posibilidade de restablecer de forma permanente a Tarxeta Básica

- 62367 (11/POP-009704)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre as actuacións realizadas pola Consellería de Política Social e Xuventude en relación coas irregularidades denunciadas nos procedementos de inspección dos servizos sociais

- 62374 (11/POP-009705)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións que ten previstas o Goberno galego para que o desenvolvemento da Lei de creación dun fondo de compensación para as vítimas do amianto cumpra coas expectativas deste colectivo

- 62380 (11/POP-009706)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre as necesidades que identifica o Goberno galego para aproveitar ao máximo as oportunidades do desenvolvemento da alta velocidade ferroviaria en Galicia

- 62386 (11/POP-009707)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas de apoio do Goberno galego dirixidas ao sector da frota pesqueira galega afectada polo Brexit

- 62390 (11/POP-009708)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre o control da seguridade industrial e da contaminación de augas no polígono das Somozas

- 62396 (11/POP-009709)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia ten en marcha, ou aquelas que proxecta, co fin de evitar a mingua da produción de polbo nas rías galegas

- 62398 (11/POP-009710)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o actual acordo de investidura no que se recolle a posibilidade da constitución de comisións de investigación ao abeiro da futura lei de amnistía co fin de determinar situacións de *lawfare*

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE CALIDADE
ALIMENTARIA DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000025).**

Emenda nº1, ao apartado 1.q), de Modificación. Artigo 3

Na letra q) do punto 1, deste artigo, *ab initio*, onde di:
"Colaborar na ...", debe dicir: "Promover e impulsar a ..."

Emenda nº2, ao apartado j), de Adición. Artigo 4

Na letra j) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... que actúen baixo criterios como son a redución da pegada de carbono, da distancia entre produtor e consumidor e a potenciación do comercio de proximidade."

Emenda nº3, ao apartado gg), de Modificación. Artigo 4

Na aliña gg) deste artigo, onde di: "..., excepto no suposto das rexistradas en denominacións xeográficas e outras figuras de protección da calidade diferenciada respecto das obrigas inherentes á súa pertenza a estas. ...", debe dicir: "... excepto nas obrigas inherentes á pertenza destes produtores en denominacións xeográficas e outras figuras de protección da calidade diferenciada. ..."

Emenda nº4, ao apartado o), de Adición. Artigo 4

Na letra o) deste artigo, logo de: "... en materia de agricultura ...", débense engadir as seguintes palabras: "...gandería e montes ..."



Emenda nº5, de Modificación. Artigo 5

O enunciado do artigo 5, que di: Atribucións da consellaría competente en materia de agricultura", debe dicir.

"Atribucións da consellaría competente en materia de agricultura, gandería e montes"

Emenda nº6, ao apartado e), de Adición. Artigo 5

Na letra e) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:
"... tratando de colocar as ferramentas do emprendemento, as finanzas éticas, o mercado social ou a compra pública responsable, entre outras, ao servizo do crecemento do sector rural agroecolóxico, dende propostas cooperativas e alternativas ás convencionais, no marco do desenvolvemento de proxectos de economía social e solidaria baseados na soberanía alimentaria, a sustentabilidade ambiental, a equidade entre mulleres e homes, a xeración mercados inclusivos e democráticos e a organización e a autoxestión da propia comunidade á hora de definir e desenvolver o seu futuro."

Emenda nº7, ao apartado a), de Supresión. Artigo 8

Na letra a) deste artigo, débese suprimir a seguinte expresión:
"... en xeral e, en particular, dos ..."

Emenda nº8, ao apartado e), de Adición. Artigo 8

Débese engadir una nova letra e), neste artigo, que terá o seguinte contido:

"e) Fomentar mediante o persoal docente e investigador da Axencia da Calidade Alimnetaria a formación e transferencia de coñecemento ao sector agrario."

Emenda nº9, ao apartado 1.d), de Adición. Artigo 9



No punto 1, letra d) deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"... . En ningún momento suplantarás as funcións de planificación dos plenos dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas e nas indicacións xeográficas protexidas."

Emenda nº10, ao apartado 1.g), de Modificación. Artigo 9

No punto 1, deste artigo, letra g), onde di: "Supervisar e tutelar ...", debe dicir: "Supervisar e asesorar ..."

Emenda nº11, ao apartado 1, de Adición. Artigo 10

No punto 1 deste artigo, logo de: "... en materia de agricultura, ...", débense engadir as seguintes palabras: "...gandería e montes, ..."

Emenda nº12, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 10

Propónse una nova redacción para o punto 4 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"4. A Axencia Galega de Calidade Alimentaria de Galicia terá o mesmo tratamento fiscal que un ente análogo do sector público estatal e, en especial, non lle resultarán de aplicación os beneficios fiscais establecidos no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en favor das comunidades autónomas de carácter análogo aos organismos autónomos do Estado."

Emenda nº13, ao apartado 1, de Adición. Artigo 12

No punto 1 deste artigo, logo de: "... en materia de agricultura, ...", debe dicir: "... gandería e montes ..."



Emenda nº14, ao apartado 2.e), de Adición. Artigo 12

No punto 2 deste artigo, débese engadir unha nova letra e) que terá o seguinte contido:

"e) Recibir e avaliar as propostas estratéxicas e xerais que trasladen a Mesa de Calidade Alimentaria e os consellos reguladores das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas."

Emenda nº15, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 12

No punto 5 deste artigo, onde di: "... deberase procurar a presenza equilibrada entre mulleres e homes no órgano.", debe dicir: "... no primeiro ano de vixencia desta lei e será obrigatorio unha presenza equilibrada entre mulleres e homes no devandito órgano."

Emenda nº16, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 13

No punto 2 deste artigo, *in fine*, onde di: "Procurarase a paridade de xénero na composición deste órgano.", debe dicir: "A composición deste órgano colexiado debe cumprir a paridade de xénero."

Emenda nº17, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 13

No punto 2 deste artigo, onde di: "Así mesmo, tamén poderán participar, ...", debe dicir: "Así mesmo tamén participarán ..."

Emenda nº18, ao apartado 2, de Adición. Artigo 13

No punto 2 deste artigo, débese engadir *in fine*, o seguinte texto: "Este órgano deberá de estar en funcionamento no primeiro ano de vixencia desta lei."



Emenda nº19, ao apartado 7.m), de Modificación. Artigo 13

A letra m) do punto 7 deste artigo, débese substituír polo seguinte texto:

"m) Recibir e avaliar as propostas estratéxicas que lle trasladen os consellos reguladores, as asociacións sectoriais ás que se refire o artigo 61 desta lei e as asociacións sectoriais de empresas artesanais alimentarias."

Emenda nº20, ao apartado 2, de Adición. Artigo 13

No punto 2 deste artigo, logo de: "... competente en materia de agricultura ..." débese engadir o seguinte: "... gandería e montes ..."

Emenda nº21, ao apartado 3.a), de Modificación. Artigo 27

Proponse un novo texto para a letra a) do punto 3 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"a) Crearanse os comités de sostibilidade dos diferentes ámbitos do sector alimentario galego, no que estarán presentes as organizacións profesionais agrarias naqueles que estean afectados aos que lles corresponderá elaborar os pregos de condicións e propoñer a súa aprobación á AGACAL ou á consellaría competente en materia de pesca, de acordo co que proceda en razón da natureza do produto, ata a creación e regulación dos comités de sostibilidade, esta función corresponderá á AGACAL."

Emenda nº22, ao apartado 3.b), de Adición. Artigo 27

No punto 3 deste artigo, letra b), logo de: "... Estes pregos de condicións ...", débese engadir: "... serán elaborados ata a posta en marcha dos comités de sostibilidade e ."

Emenda nº23, ao apartado 3.b), de Adición. Artigo 27



Na letra b) do punto 3 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... unha vez sexa posto en funcionamento."

Emenda nº24, ao apartado 7, de Modificación. Artigo 27

O punto 7 deste artigo débese substituír polo seguinte texto:

"7. Durante o primeiro ano de vixencia desta lei, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria e a consellaría competente en materia de pesca poñerán en funcionamento os Comités de Sostibilidade dos diferentes ámbitos do sector alimentario galego, regulando as súas atribucións, a súa composición e as súas normas de funcionamento co fin de sexan eles os que elaboren os pregos de condicións para a aprobación da AGACAL ou a consellaría competente na materia de pesca. Regulamentariamente, definiranse as normas comúns que deben conter os pregos de condicións aos que se refire este artigo e os requisitos para autorización das entidades certificadoras."

Emenda nº25, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 37

No punto 1 deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto:

"Tanto a carta de artesán/artesá como o uso de termos protexidos sinalados no artigo 38 e 39 deben contar coa aprobación de 2/3 do pleno do consello regulador no ámbito de actuación das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas para o mesmo produto."

Emenda nº26, de Modificación. Artigo 42

Neste artigo, onde di: "... elaborará e manterá actualizado ...", debe dicir: "... elaborará, promocionará e manterá actualizado ..."

Emenda nº27, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 44



No punto 2 deste artigo, *in fine*, onde di: "... será a consellaría competente por razón da natureza do produto.", debe dicir: "... será AGACAL ou a consellaría competente en materia de pesca por razón da natureza do produto."

Emenda nº28, ao apartado 1, de Adición. Artigo 46

No punto 1 deste artigo, logo de: ".. competente en materia de agricultura ...", débese engadir : "... competente en materia de agricultura, gandería e montes ..."

Emenda nº29, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 46

Proponse unha nova redacción para o punto 3 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"3. Para o caso da produción ecolóxica, a consellaría competente en materia de agricultura, gandería e montes poderá delegar a xestión desta figura de protección da calidade diferenciada no CRAEGA e éste poderá actuar como autoridade de control."

Emenda nº30, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 47

No punto 4 deste artigo, onde di: "... o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia actuará como autoridade ...", debe dicir: "... O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia poderá actuar como autoridade ..."

Emenda nº31, ao apartado 1, de Adición. Artigo 48

O primeiro parágrafo deste artigo que comeza por: "Os consellos reguladores, para poderen realizar ...," debe ser numerado como punto 1, quedando así:

"1. Os consellos reguladores, para poderen ..."



Emenda nº32, ao apartado 2, de Adición. Artigo 48

No caso de admitiren a numeración do primeiro parágrafo como 1, débese de engadir un novo punto 2, senón for o caso, engadir un novo parágrafo *in fine* que terá o seguinte contido:

"2. No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario cuxo escaso volumen de actividade lles dificulte inicialmente a disposición dos medios persoais técnicos e económicos adecuados aos que se refire a letra c) do punto 1) deste artigo, a AGACAL daralle apoio técnico e económico para a correcta realización das súas funcións e obrigas. A estes efectos entenderase que teñen un escaso volumen de actividade cando no ano natural inmediatamente anterior ao de entrada en vigor desta lei tivesen un valor da produción certificada inferior a un millón e medio de euros."

Emenda nº33, ao apartado c), de Adición. Artigo 48

Na letra c) deste artigo, onde di: "... Esta xerencia poderá ser compartida entre varios consellos reguladores que así o acorden...", debe dicir: "... Esta xerencia actuará sempre baixo as indicacións dos órganos de goberno do consello regulador e poderá ser compartida entre varios consellos reguladores que así o acorden."

Emenda nº34, ao apartado 1, de Adición. Artigo 51

No punto 1 deste artigo, logo de: "... competentes en materia de agricultura ..., ", débese engadir: "... competentes en materia de agricultura, gandería e montes ..."

Emenda nº35, ao apartado f), de Supresión. Artigo 52

Na letra f) deste artigo, débese eliminar *in fine* o seguinte texto:

"... No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, o plan debe ser validado pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria."



Emenda nº36, ao apartado h), de Supresión. Artigo 52

Na letra h) deste artigo débese suprimir o seguinte texto:

"... . Este plan deberá ser coherente coa planificación estratéxica da consellaría competente e poderá prever a colaboración con outras figuras de protección da calidade diferenciada con que comparta obxectivos. No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, o plan debe ser validado pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria."

Emenda nº37, ao apartado 2.a), de Adición. Artigo 65

Na letra a) deste artigo, *ab initio*, logo da palabra: "Ambientais ..." débese engadir a seguinte frase: "como criterio imprescindible para o acceso aos ditos contratos ..."

Emenda nº38, ao apartado 2.c), de Supresión. Artigo 65

Débese engadir unha nova letra c) no punto 2 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"c) Promoción da Igualdade de xénero, primando proxectos de organización liderados por mulleres cun mínimo dunha participación destas do 50 %."

Emenda nº39, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 65

No punto 1 deste artigo, *in fine*, onde di: "... de sistemas de produción sustentables e respectuosos co medio e que garantan a seguridade e a calidade alimentarias.", debe dicir. "...das producións amparadas por figuras de protección de calidade diferenciada ademáis do doutras sostibles e respectuosas co medio ambiente e garantistas da seguridade alimentaria."

Emenda nº40, de Supresión. Artigo 68



Débese suprimir este artigo.

Emenda nº41, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 69

O punto 2 deste artigo, débese substituír polo seguinte texto:

"2. A toma de mostras para o control de calidade físico-química realizarase mediante acta formalizada, polo menos por triplicado, ante o titular da Empresa ou establecemento suxeito a inspección, ou ante o seu representante legal ou persoa responsable, e en defecto dos mesmos, ante calquera persoa que traballe para dita empresa ou establecemento.

Cando as persoas anteriormente citadas se neguen a asinar a acta, esta será autorizada coa firma dunha testemuña, se fora posible, sen prexuízo de esixir as responsabilidades contraídas por tal negativa. A acta será autorizada polo Inspector en todo caso.

Na acta transcribíranse integramente cantos datos e circunstancias sexan necesarios para a identificación das mostras."

Emenda nº42, de Modificación. Artigo 70

Neste artigo, onde di: "... . Cada mostra poderá constar dun ou de varios exemplares. ...", debe dicir: "... . Cada mostra constará de tres exemplares homoxéneos. ..."

Emenda nº43, de Modificación. Artigo 72

Proponse unha nova redacción para este artigo, que terá o seguinte contido:

"Os exemplares da mostra serán acondicionados, precintados, lacrados e etiquetados de xeito que con estas formalidades e coas sinaturas dos intervinientes estampadas sobre cada exemplar, se garanta a identidade das mostras co seu contido, durante o tempo da conservación."



Emenda nº44, de Modificación. Artigo 73

Débese substituír o artigo 73 polo seguinte contido:

“O depósito dos exemplares farase do xeito seguinte:

73.1 Se a empresa ou titular do establecemento onde se levante a acta foren fabricantes, envasadores ou marquistas das mostras recollidas e acondicionadas na forma antes dita, un dos exemplares quedará no seu poder, baixo depósito en unión dunha copia da acta, coa obrigaón de conserva-la en perfecto estado para a súa posterior utilización en proba contraditoria se fose necesario. Por iso, a desaparición, destrución ou deterioración do devandito exemplar da mostra presumirase maliciosa, salvo proba en contrario. Os outros dous exemplares da mostra quedarán en poder da inspección, remitíndose un o antes posible ao laboratorio que haxa de realizar a análise inicial.

73.2 Pola contra, se o dono do establecemento ou a empresa inspeccionada actuasen como meros distribuidores do produto investigado, quedará no seu poder unha copia da acta, pero os tres exemplares da mostra serán retirados pola inspección, nese caso, un dos exemplares poñerase ao dispor do fabricante, envasador ou marquista interesado ou persoa debidamente autorizada que lle represente -para que a retire se desexa practicar a proba contraditoria-, remitíndose outro exemplar ao laboratorio que haxa de realizar a análise inicial.

73.3 As cantidades que haberán de ser retiradas de cada exemplar da mostra serán suficientes en función das determinacións analíticas que se pretendan realizar e, en todo caso, axustaranse ás normas regulamentarias que se establezan e, na súa falta, ás instrucións ditadas polos órganos competentes.”

Emenda nº45, ao apartado 1, de Adición. Artigo 90

Na primeira liña do punto 1 deste artigo, logo de: “... en materia de agricultura ...” débese engadir: “...gandería e montes...”.

Emenda nº46, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 93

No punto 4 deste artigo, débese suprimir o seguinte texto: “ ... alén de por aquel que en circunstancias excepcionais



debidamente motivadas determine a persoa titular da consellaría competente en materia de agricultura de entre o persoal expresamente habilitado da consellaría."

Emenda nº47, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 93

Propónse un novo texto para o punto 5 deste artigo, que terá o seguinte contido:

"5. A Administración autonómica deberá velar polo mantemento da formación continuada do persoal inspector e facilitar a comprensión da normativa e a súa aplicación, mediante formación específica das producións a controlar e tamén para que a dotación de recursos da inspección sexa a adecuada á función que ten que realizar."

Emenda nº48, ao apartado 1.p bis), de Adición. Artigo 107

Débase engadir unha letra nova no punto 1 do artigo 107 que quedará redactada co seguinte contido:

"p *bis*) Non ter realizada unha anotación nos rexistros cando transcorrese máis dun mes desde a data en que regulamentariamente houbo de practicarse ou cando, sen ter transcorrido este período de tempo, os asentos non rexistrados non poidan xustificarse mediante outra documentación."

Emenda nº49, ao apartado 1.p ter), de Adición. Artigo 107

Débase engadir unha letra no punto 1 do artigo 107 que quedará redactada co seguinte contido:

"p *ter*) Calquera inexactitude, erro ou omisión de datos ou informacións na etiquetaxe, documentos de acompañamento, documentos comerciais, rexistros, rotulación, presentación e embalaxes, se esas inexactitudes, erros ou omisións se refiren a indicacións obrigatorias e afectan á natureza, identidade, calidade, características, composición, procedencia ou orixe dos produtos."

Emenda nº50, ao apartado 2.b, de Supresión. Artigo 107



Débese substituír a letra b) do punto 2 do artigo 107 polo seguinte contido:

"b) Calquera inexactitude ou erro en rexistros e documentos de acompañamento e declaración aínda que a cantidade consignada e a correcta supere nun cinco por cento a esta última."

Emenda nº51, ao apartado 1.f, de Supresión. Artigo 108

Débese suprimir toda a letra f) do punto 1 do artigo 108.
Suprimir: "Non ter realizada unha anotación nos rexistros cando transcorrese máis dun mes desde a data en que regulamentariamente debeu practicarse ou cando, sen transcorrer este período de tempo, os asentos non rexistrados non poidan xustificarse mediante outra documentación."

Emenda nº52, ao apartado 1.u, de Supresión. Artigo 108

Débese suprimir a letra u) do punto 1do artigo 108.
Suprimir: "Calquera inexactitude, erro ou omisión de datos ou de informacións na etiquetaxe, nos documentos de acompañamento, nos documentos comerciais, nos rexistros, na rotulación, na presentación e nas embalaxes, se esas inexactitudes, erros ou omisións se refiren a indicacións obrigatorias e afectan a natureza, a identidade, a calidade, as características, a composición, a procedencia ou a orixe dos produtos."

Emenda nº53, ao apartado 2.b, de Supresión. Artigo 108

Débese suprimir a letra b) do punto 2 do artigo 108.
Suprimir: "Calquera inexactitude ou erro en rexistros e documentos de acompañamento e declaracións cando a diferenza entre a cantidade consignada e a correcta supere nun cinco por cento esta última."



Emenda nº54, ao apartado 1.a, de Adición. Artigo 108

Débese engadir ao final da letra a) do punto 1 do artigo 108 o seguinte contido.

Engadir *in fine*: "..., sempre e cando estea probada legalmente esta situación."

Emenda nº55, ao apartado 1.b, de Supresión. Artigo 109

Débese suprimir na primeira liña da letra b) do punto 1 do artigo 109 o seguinte contido.

Suprimir: "...ou calquera outra forma de presión grave...".

Emenda nº56, ao apartado a, de Modificación. Artigo 110

Débese modificar na letra a) do artigo 110 o seguinte contido:

Na primeira liña da letra a) onde di: "...serán sancionadas con apercibimento ou multa de 4.000 euros.", debe dicir: "...serán sancionadas con apercibimento no caso de ser a primeira infracción e se esta non se repite no prazo de dous anos e multa de ata 4000 euros."

Emenda nº57, de Adición. Disposición adicional primeira

Débese engadir na Disposición adicional primeira o seguinte contido.

Na segunda liña, logo de: "...en materia de agricultura ,...", débese engadir: "... "gandería, montes..."

Asinado dixitalmente por:

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/10/2023
17:47:53**



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE CALIDADE
ALIMENTARIA DE GALICIA (NUM. EXPE. 11/PL-000025).**

Emenda nº1, ao apartado a), de Modificación. Artigo 1

No apartado a) do artigo 1 substituír o texto polo seguinte:

"Establecer o marco normativo que permita asegurar, garantir e certificar na Comunidade Autónoma de Galicia a calidade e o valor alimenticio dos produtos alimentarios producidos, elaborados ou comercializados no seu territorio e a súa conformidade coa normativa de aplicación, en defensa da lealdade das transaccións comerciais e dos dereitos e intereses lexítimos das persoas produtoras primarias, operadoras económicas e profesionais do sector, así como das persoas consumidoras finais."

Emenda nº2, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 2

Substituír o texto do apartado 1 do artigo 2 polo seguinte:

"Esta lei aplícase á totalidade das actuacións que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de calidade e conformidade dos procesos de produción, elaboración, transformación, envasado, transporte, comercialización e conservación de produtos alimentarios e de materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias."

Emenda nº3, ao apartado 2.a), de Adición. Artigo 2

Engadir no subapartado a) do apartado 2 do artigo 2 despois de "produtos alimenticios.", o seguinte texto:

"Porén, nos produtos de orixe animal, verificarase que se respectaron as normas de saúde e benestar dos animais de



granxa e que estes proveñen dunha produción, cría ou ceba sustentable no medio."

Emenda nº4, ao apartado 1.a), de Adición. Artigo 3

Engadir no subapartado a) do apartado 1 do artigo 3 despois de: "confianza neles", o seguinte texto:

"e mais a valorizar a súa respectiva calidade."

Emenda nº5, ao apartado 1.m) bis), de Adición. Artigo 3

Engadir un novo subapartado m) bis) no apartado 1 do artigo 3 co seguinte texto:

"Impulsar e controlar no comercio galego que os produtos de calidade de Galicia non sexan desvalorizados e non estean á venda ao público a presos inferiores a outros produtos de inferior calidade ou categoría alimentaria."

Emenda nº6, ao apartado 1.p) bis), de Adición. Artigo 3

Engadir un novo subapartado p) bis) no apartado 1 do artigo 3 co seguinte texto:

"Axudar no ámbito comercial dos produtos de calidade, co obxectivo de deixar o valor engadido nas zonas de produción e elaboración, para que os produtos galegos de calidade alimentaria que se producen en Galicia sexan tamén envasados polo miúdo na nosa comunidade e non partan ao mercado exterior por xunto."

Emenda nº7, ao apartado 1.q), de Modificación. Artigo 3



Substituír no subapartado q) do apartado 1 do artigo 3, ao comezo do mesmo, a palabra "Colaborar" polo termo "Promover".

Emenda nº8, ao apartado 1.r), de Modificación. Artigo 3

Substituír o texto do subapartado r) do apartado 1 do artigo 3 polo seguinte:

"Promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres en todas as actividades relacionadas coa produción, a elaboración, a transformación e a comercialización alimentaria e promover o emprendemento feminino no rural, a contratación de mulleres e as medidas de conciliación que permitan que as mulleres se poidan incorporar en igualdade de condicións ao sector alimentario en tódolos os elos da cadea produtiva e comercial."

Emenda nº9, ao apartado a), de Adición. Artigo 4

No apartado a) do artigo 4 engadir despois de: "coma se non." e antes do punto e seguido, o seguinte texto: ", e que non prexudica a súa saúde. Inclúe as bebidas, a goma de mascar e calquera substancia."

Emenda nº10, ao apartado f), de Modificación. Artigo 4

No apartado f) do artigo 4 substituír o texto polo seguinte:

"Cadea alimentaria: conxunto de actividades que levan a cabo as distintas persoas operadoras que interveñen na produción, elaboración ou transformación, envasado, distribución e comercialización de alimentos ou produtos alimentarios directamente ou por vía electrónica, excluindo as actividades da hostalería e a restauración. En particular, inclúense as actividades de produción, fabricación, elaboración, manipulación, procesamento, preparación, tratamento, acondicionamento, envasado, embotellado, embalaxe, etiquetaxe e precintado, depósito, almacenaxe, exposición, conservación, expedición, transporte, circulación, importación, exportación, distribución, presentación do produto (en estado



líquido ou sólido), venda e subministración á persoa consumidora final."

Emenda nº11, ao apartado j), de Adición. Artigo 4

No apartado j) do artigo 4 engadir despois de "...produtos alimentarios.", e antes de "A comercialización mediante...", o seguinte texto:

"A distancia entre a explotación agraria ou o lugar de desembarco no caso dos produtos sen transformar, de orixe agraria ou da pesca, respectivamente, ou da empresa de transformación, no caso dos produtos elaborados e, a consumidora final non excederá os 100 quilómetros. A citada distancia medirase en liña recta sobre do plano."

Emenda nº12, ao apartado l) bis), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado l) bis) do artigo 4 co seguinte texto:

"Conservación: as garantías de non-deterioración dun produto desde a súa saída do operador produtor ou comercial ata a chegada á persoa consumidora final, coas indicacións precisas para a axeitada resgarda das súas propiedades alimenticias intactas ben desde a súa elaboración, ben desde a venda ao público."

Emenda nº13, ao apartado p), de Adición. Artigo 4

No apartado p) do artigo 4 engadir despois de: "observacións,", e antes de: "ou medicións", o seguinte termo:
"análises".

Emenda nº14, ao apartado s) bis), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado s) bis) do artigo 4 co seguinte texto:



"Encubrimiento alimentario: proceso de ocultar a baixa calidade alimentaria e nutritiva dun ingrediente ou dun produto alimenticio."

Emenda nº15, ao apartado t), de Adición. Artigo 4

No apartado t) do artigo 4 despois de: ": organismos", e antes de: "acreditados", engadir o seguinte texto:

"ou laboratorios públicos,".

Emenda nº16, ao apartado t) bis), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado t) bis) no artigo 4 co seguinte texto:

"Estado de presentación dun produto alimentario: a fase líquida ou sólida que presentan algúns produtos alimentarios na súa conformación natural polo seu contido en azucres e que non sufriron ningún proceso de pasteurización ou quecemento."

Emenda nº17, ao apartado t) ter), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado t) ter) no artigo 4 co seguinte texto:

"Etiquetaxe clara: a etiqueta que informa a persoa consumidora da persoa produtora, elaboradora ou transformadora e a súa razón social, da correcta designación do produto, na que se especifica a súa orixe ou orixes ou procedencia, a porcentaxe no caso de mesturas, os ingredientes que o compoñen e os nutrientes que facilita nunha dosificación nunha dieta alimentaria, así como o modo de conservación."

Emenda nº18, ao apartado t) quater), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado t) quater no artigo 4 co seguinte texto:



"Etiquetaxe incorrecta: proceso de colocar afirmacións falsas, equívocas ou evocadoras nas etiquetas para enganar ou levar a engano a persoa consumidora sobre a orixe ou a composición dun produto co propósito de obter beneficios económicos."

Emenda nº19, ao apartado x), de Modificación. Artigo 4

No apartado x) do artigo 4 substituír o texto polo seguinte:

"Figuras de protección da calidade diferenciada: calquera norma de carácter administrativo promovida pola administración para a protección de produtos alimentarios que recoñeza unha calidade diferenciada."

Emenda nº20, ao apartado x) bis), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado x) bis) do artigo 4 co seguinte texto:

"Guía de boas prácticas: as pautas elaboradas polo sector produtor xunto co respectivo consello regulador de orixe, se é o caso, e os servizos técnicos da consellería competente, para aplicar de motu proprio na obtención da máxima calidade nun produto, ben que non sexan de obrigado cumprimento."

Emenda nº21, ao apartado aa) bis), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado aa) bis) do artigo 4 co seguinte texto:

"Laboratorio oficial de control dos produtos de orixe animal e vexetal: o lugar coas infraestruturas científicas e tecnolóxicas necesarias para realizar nel as investigacións científicas e as análises químicas precisas para certificar a calidade dun produto alimentario ou a fraude alimentaria que se poida presentar nalgún outro, seguindo o estipulado no artigo 73 desta lei."

Emenda nº22, ao apartado cc), de Modificación. Artigo 4



No apartado cc) do artigo 4 substituír o texto polo seguinte:

"Materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias: todo produto ou substancia, materia prima, aditivo, produto intermedio, produto acabado e outros produtos de adición, así como os envases, etiquetas, os precintos, útiles, ferramentas, instalacións, documentos, actividades e servizos utilizados na produción, na elaboración ou transformación ou na comercialización alimentaria ou con probabilidade razoable de ser utilizados. Para os efectos da aplicación do título VII desta lei, tamén terán esta consideración os fertilizantes e os substratos de cultivo."

Emenda nº23, ao apartado gg), de Modificación. Artigo 4

No apartado gg) do artigo 4 substituír o texto polo seguinte:

"Persoa operadora alimentaria (ou persoa explotadora da empresa alimentaria): persoa física ou xurídica, así como as súas agrupacións, que desenvolvan por conta propia, con ou sen ánimo de lucro, algunha das actividades relacionadas con calquera das etapas de produción, elaboración, transformación, envasado, distribución e comercialización dun produto alimentario. O concepto de persoa operadora alimentaria exclúe ás persoas físicas ou xurídicas titulares de explotación de produción primaria , excepto no suposto das rexistradas en denominacións xeográficas e outras figuras de protección da calidade diferenciada respecto das obrigas inherentes á súa pertenza a estas. Esta persoa física ou xurídica será a responsable de garantir o cumprimento dos requisitos da lexislación alimentaria na empresa alimentaria baixo o seu control."

Emenda nº24, ao apartado jj), de Substitución. Artigo 4

No apartado jj) do artigo 4 substituír o texto polo seguinte:

"Produción local: aquela que se comercializa á persoa consumidora final dentro dun territorio de produción ou transformación coincidente coa comarca, de acordo co Decreto da Xunta 65/1997, do 20 de Febreiro, e concellos limítrofes. No caso dos produtos agrarios, procederán de explotacións



radicadas no territorio así definido. No caso dos produtos da pesca, o seu lugar de desembarco ou da empresa de transformación será tamén a mesma comarca e concellos limítrofes onde se realiza o consumo final. "

Emenda nº25, ao apartado kk), de Modificación. Artigo 4

No apartado kk) do artigo 4 substituír o texto polo seguinte:

"Transformación (alimentaria): calquera acción que altere substancialmente o produto inicial, incluíndo o tratamento térmico, o afumado, a curación, a maduración, o secado, a marinada, a extracción, a estrusión ou unha combinación destes procedementos."

Emenda nº26, ao apartado ll), de Modificación. Artigo 4

No apartado ll) do artigo 4 substituír o texto polo seguinte:

"Rastrexabilidade: capacidade de coñecer a orixe e destino dos produtos alimentarios ou das materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias, así como a identidade, lote ou partida e localización dos operadores e operadoras que interveñen ao longo de todas as etapas, no espazo e no tempo, da súa produción, elaboración, transformación, distribución, comercialización e conservación, incluído o transporte, mediante un sistema documentado."

Emenda nº27, ao apartado nn), de Modificación. Artigo 4

No apartado nn) do artigo 4 substituír o texto polo seguinte:

"Viño: alimento natural obtido exclusivamente por fermentación alcohólica, total ou parcial, de uva fresca, estrullada ou non. "

Emenda nº28, ao apartado ññ), de Adición. Artigo 4

Engadir un novo apartado ññ) no artigo 4 co seguinte texto:



"Mel: substancia doce natural producida polas abellas melíferas a partir do néctar das plantas ou das segregacións de partes vivas destas ou de excrecións de insectos chupadores sobre as partes vivas delas que as abellas recollen, transforman e combinan con outras substancias específicas propias, e que depositan, deshidratan, almacenan e deixan madurar no favo para que se acabe de facer e afinar. Enténdese, en consecuencia, que o mel non deberá conter ningún ingrediente adicional, nin ningún outro aditivo que non sexa propiamente mel, nin ser micro ou ultrafiltrado para eliminar os seus poles, nin sufrir ningunha alteración da súa materia, sabor ou aroma."

Emenda nº29, ao apartado b).1, de Adición. Artigo 5

Engadir un novo subapartado 1 no apartado b) do artigo 5 co seguinte texto:

"Promoción do desenvolvemento das economías rurais propiciando a instalación de pequenas industrias e explotacións agropecuarias de corte familiar con base territorial ó xeito, contribuíndo ó asentamento poboacional."

Emenda nº30, ao apartado c).1, de Adición. Artigo 5

Engadir un novo subapartado 1 no apartado c) do artigo 5 co seguinte texto:

"Fomento dos Centros Comarcais de Transformación Alimentaria que poñan a disposición dos excedentes de autoconsumo e das pequenas iniciativas de transformación, a información, instalacións e aparatos homologados conformes a regulamentación oficial."

Emenda nº31, ao apartado e), de Modificación. Artigo 5

No apartado e) do artigo 5 substituír o texto polo seguinte:

"Formación, promoción e fomento do asociacionismo e a cooperación no sector alimentario, en particular a través da



economía social, entendida segundo o disposto na Lei 5/2011, do 29 de marzo de economía social."

Emenda nº32, ao apartado f), de Adición. Artigo 5

Engadir un novo apartado f) no artigo 5 co seguinte texto:

"Velar polo cumprimento da lei da Cadea Alimentaria mediante mecanismos de intermediación nas relacións contractuais dos seus elos versus Mesa do Leite, Mesa da Carne... "

Emenda nº33, ao apartado a), de Modificación. Artigo 8

No apartado a) do artigo 8 substituír o texto polo seguinte:

"Operar como instrumento básico de actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de protección da calidade alimentaria diferenciada así como na de promoción do consumo dos produtos agroalimentarios acollidos ás distintas figuras de protección da calidade diferenciada."

Emenda nº34, ao apartado 1.h), de Modificación. Artigo 9

No subapartado h) do apartado 1) do artigo 9 substituír o texto polo seguinte:

"Asesorar e asumir a función de certificación nos consellos reguladores do ámbito da súa competencia no seu funcionamento, especialmente no caso daqueles que, polo seu reducido número de persoas operadoras ou pola escasa facturación do conxunto de ditas persoas teñan dificultades na certificación e no cumprimento dos requisitos establecidos nesta Lei para o seu recoñecemento como entidades de xestión da correspondente figura da calidade alimentar diferenciada."

Emenda nº35, ao apartado 1.j), de Adición. Artigo 9



No subapartado j) do apartado 1 do artigo 9 despois de: "agroalimentario", e antes de: "e apoiar aos sectores", engadir o seguinte texto:

", caracterizar novos produtos agrarios e pesqueiros obxecto de recoñecemento da súa especificidade e particularidade de seu para o consumidor e consumidora".

Emenda nº36, ao apartado 1.k), de Adición. Artigo 9

Engadir un novo subapartado k) no apartado 1 no artigo 9 co seguinte texto:

"k) Realizar os encargos que, no ámbito das súas competencias en materia de calidade alimentaria, lle efectúe a Administración xeral da Comunidade Autónoma."

Emenda nº37, ao apartado 7, de Modificación. Artigo 19

No apartado 7 do artigo 19 substituír o texto polo seguinte:

"Naqueles supostos nos que a persoa operadora alimentaria tivese distintas liñas de produción, deberá implantar procedementos de xestión que posibiliten a rastrexabilidade na cadea produtiva e nos produtos que manexa, con clara distinción entre os produtos que gocen de protección de figuras de calidade diferenciada e os que non tivesen tal carácter."

Emenda nº38, ao apartado 3.a), de Supresión. Artigo 27

Suprimir o subapartado a) do apartado 3 do artigo 27

Emenda nº39, ao apartado 3.a1, de Adición. Artigo 27

Engadir un novo subapartado a1) no apartado 3 do artigo 27 co seguinte texto:



"Os citados Comités de sostibilidade incluírán na súa composición as organizacións profesionais agrarias e do mar (confrarías, OPPs...) para garanti-la representatividade dos sectores respectivos."

Emenda nº40, ao apartado 3.b), de Adición. Artigo 27

No subapartado b) do apartado 3 do artigo 27 despois de: "condicións serán", e antes de: " e aprobados", engadir o seguinte termo: "elaborados".

Emenda nº41, ao apartado 8, de Adición. Artigo 27

Engadir un novo apartado 8 no artigo 27 co seguinte texto:

"Aqueles produtos certificados baixo o sistema definido neste artigo contarán cunha promoción e axudas especiais para o seu desenvolvemento e consolidación, de parte da AGACAL e das propias consellerías do Medio Rural e do Mar."

Emenda nº42, ao apartado 5, de Adición. Artigo 31

No apartado 5 do artigo 31 engadir o seguinte texto ao final despois de: "análogas".

", agás que a insuficiencia da abordaxe analítica dos laboratorios autonómicos, estatais ou europeos actuantes leve a que figuren produtos no mercado galego nunha clara competencia desleal e fraudulenta respecto do produto orixinario."

Emenda nº43, ao apartado 2, de Adición. Artigo 36

No apartado 2 do artigo 36 engadir despois de: "correspondente", e antes de: "alimentaria", o seguinte texto:

"carta de persoa artesá".



Emenda nº44, ao apartado 1, de Adición. Artigo 37

No apartado 1 do artigo 37 engadir despois de: "obtención da", e antes de: "á que se refire", o seguinte texto: "carta de persoa artesá".

Emenda nº45, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 38

No apartado 2 do artigo 38 substituír o texto polo seguinte:

"As empresas artesanais alimentarias que, de acordo co regulamento de desenvolvemento desta lei e, de ser o caso, as normas técnicas específicas, utilicen para a elaboración dos seus produtos como ingredientes principais caracterizadores materias primas procedentes da propia explotación agraria á que estean ligadas poderán utilizar as mencións de calidade facultativa «artesán da casa» ou «artesán caseiro»."

Emenda nº46, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 41

No apartado 1 do artigo 41 despois de: "mínimo de", e antes de "anos de produción", substituír o termo "trinta", por "cincuenta".

Emenda nº47, ao apartado 1.b), de Adición. Artigo 44

No subapartado b) do apartado 1 do artigo 44 engadir ao final despois de: "certificación", o seguinte termo: "pública."

Emenda nº48, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 44

No apartado 2 do artigo 44 substituír o texto polo seguinte:



"O órgano administrativo competente para informar os regulamentos de uso das marcas de garantía ás que se refire o punto 1 anterior será a Axencia Galega de Calidade Alimentaria no caso de produtos agroalimentarios ou a consellería competente en materia de pesca en razón da natureza do produto."

Emenda nº49, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 45

No apartado 2 do artigo 45 substituír o texto polo seguinte:

"O establecido no apartado anterior será de aplicación ás marcas de garantía xa rexistradas do Sector Público Galego que, de acordo cos criterios de calidade que figuran nos seus regulamentos de uso, inclúan entre as súas finalidades distinguir os produtos alimentarios destinados ao consumo humano que estean certificados polo titular da marca en función das súas características. Será tamén de aplicación aos produtos das citadas marcas que non posúen dita certificación, sempre que sexan producidos, elaborados ou transformados no territorio de Galicia, teñan uns requisitos de calidade superiores á estándar establecida para o dito produto ou cumpran uns requisitos específicos de calidade que os distinguan doutros da mesma natureza e de acordo coas especificacións que se establezan."

Emenda nº50, ao apartado 2.a) bis), de Adición. Artigo 49

Engadir un novo subapartado a) bis) no apartado 2 do artigo 49, que debería situarse previamente ao actual subapartado a), co seguinte texto:

"A súa finalidade e os obxectivos, así como o plan de implantación no eido da produción e no ámbito comercial. "

Emenda nº51, ao apartado 3.c) bis), de Adición. Artigo 49



Engadir un novo subapartado c) bis) no apartado 3 do artigo 49, que debería situarse previamente ao actual subapartado c), co seguinte texto:

"Estudar, asesorar e implantar prezos mínimos de comercialización."

Emenda nº52, ao apartado 3.f), de Modificación. Artigo 51

Engadir in fine no subapartado f) do apartado 3 do artigo 51 o seguinte texto:

"ou fraude."

Emenda nº53, ao apartado 3.g), de Adición. Artigo 51

No subapartado g) do apartado 3 do artigo 51 engadir despois de "comercialización", e antes de "dos produtos", o seguinte texto: "e valorización".

Emenda nº54, ao apartado 3.k), de Modificación. Artigo 51

No subapartado k) do apartado 3 do artigo 51 substituír o texto polo seguinte:

"Propoñer os requisitos mínimos de control oficial en cada unha das etapas da produción, elaboración, transformación, envasado, distribución e comercialización aos que deba someterse cada persoa operadora inscrita e, de ser o caso, os requisitos esixidos para a concesión inicial e o mantemento da certificación."

Emenda nº55, ao apartado 3.p), de Modificación. Artigo 51

No subapartado p) do apartado 3 do artigo 51 substituír o texto polo seguinte:



"Impulsar a profesionalización, a semiprofesionalización e a supervivencia digna de todas as persoas operadoras alimentarias inscritas nos seus rexistros e fomentar, entre outros aspectos, a súa formación e o aseguramento das súas producións, así como axudar a fomentar a comercialización delas."

Emenda nº56, ao apartado a) bis), de Adición. Artigo 52

Engadir un novo apartado a) bis) no artigo 52, que debería situarse previamente ao actual apartado a), co seguinte texto:

"Informar ós seus membros produtores asociados dos aconteceres mundiais, europeos, nacionais, autonómicos e locais que afecten a produción e a comercialización dos seus produtos alimentarios."

Emenda nº57, ao apartado g), de Adición. Artigo 52

Engadir in fine no apartado g) do artigo 52 o seguinte texto:

"así como unha auditoría externa destas, de acordo co artigo 56 desta lei."

Emenda nº58, ao apartado h) bis), de Adición. Artigo 52

Engadir un novo apartado h) bis) no artigo 52 co seguinte texto:

"Fixar e pactar os prezos mínimos de venda por parte da persoa produtora, tanto ao operador transformador coma comercial, dos produtos obxecto da garantía alimentaria."

Emenda nº59, ao apartado 1.a) bis), de Adición. Artigo 62

Engadir un novo subapartado a) bis) no apartado 1 do artigo 62, que debería situarse previamente ao actual apartado a), co seguinte texto:



"O impulso do coñecemento e da información entre a poboación galega dos produtos determinados por unha calidade alimentaria salientable no eido da alimentación, da saúde e da sustentabilidade do medio."

Emenda nº60, ao apartado d), de Adición. Artigo 64

No apartado d) do artigo 64 engadir despois de; "procesos de", e antes de: "transformación", o seguinte texto: "elaboración e".

Emenda nº61, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 65

No apartado 1 do artigo 65 substituír o texto polo seguinte:

"Nos contratos do sector público autonómico que teñan por obxecto a subministración de produtos alimentarios ou nos contratos de servizos ou de concesión de servizos para cuxa execución sexa imprescindible a utilización deste tipo de produtos, procurarase a compra pública socialmente responsable de alimentos saudables procedentes de producións amparadas polas figuras de protección de calidade diferenciada así omo de sistemas de produción sostible e respectuosos co medio ambiente e que garantan a seguridade e a calidade alimentaria."

Emenda nº62, ao apartado 2, de Adición. Artigo 65

No apartado 2 do artigo 65 engadir despois de: "criterios sociais, " e antes de: ", ambientais", o seguinte texto: "de igualdade de xénero".

Emenda nº63, ao apartado 2.a bis), de Adición. Artigo 65

Engadir un novo subapartado a) bis) no apartado 2 do artigo 65 co seguinte texto:



"De igualdade de xénero, incorporando a decidida eliminación da desigualdade de xénero dando maior apoio a aqueles proxectos liderados por mulleres ou nos que as mulleres representen un mínimo do 50%."

Emenda nº64, de Adición. TÍTULO VI

En todos os artigos do TÍTULO VI onde se faga referencia ao proceso de transformación, engadir referencia ao proceso de elaboración, de maneira que se engada o termo "elaboración" antes de "e transformación" en todos os artigos do título que o conteñan

Emenda nº65, ao apartado 1, de Adición. Artigo 67

No apartado 1 do artigo 67 engadir despois de: "fraude alimentaria", e antes de ", a garantía da lealdade", o seguinte texto: "e do engano na etiquetaxe e publicitario".

Emenda nº66, ao apartado 2.c), de Adición. Artigo 74

Engadir un novo subapartado c) no apartado 2 do artigo 74 co seguinte texto:

"Estes métodos estarán adecuados e preparados tecnoloxicamente para detectaren nas analíticas pertinentes os produtos que presenten fraude no mercado con referencia ás súas definicións específicas dun código alimentario actualizado cada cinco anos."

Emenda nº67, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 80

No apartado 1 do artigo 80 substituír o texto polo seguinte:

"O control oficial das figuras de protección da calidade diferenciada consistirá na verificación do cumprimento da súa normativa específica e afectará a todas as etapas de produción, elaboración, transformación, envasado, distribución



e comercialización dos produtos alimentarios e das materias e os elementos que interveñan na súa produción, así como os procesos e equipos tecnolóxicos de fabricación, elaboración e tratamento de alimentos, os medios de conservación e de transporte e a etiquetaxe, presentación e publicidade dos alimentos. Tamén incluírá, de ser o caso, a supervisión das tarefas delegadas de control."

Emenda nº68, de Adición. TÍTULO VII

En todos os artigos do TÍTULO VII onde se faga referencia ao proceso de transformación, engadir referencia ao proceso de elaboración, de maneira que se engada o termo "elaboración" antes de "e transformación" en todos os artigos do título que o conteñan

Emenda nº69, ao apartado 4, de Adición. Artigo 93

No apartado 4 do artigo 93 engadir ao final despois de "dita consellería", o seguinte texto: ", que en todo caso terá a condición de persoal funcionario."

Emenda nº70, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 93

No apartado 5 do artigo 93 substituír o texto polo seguinte:

"Nas actividades de control, supervisión e certificación levadas a cabo por persoal funcionario da Administración procurarase realizar un labor de acompañamento, asesoramento e axuda ó cumprimento das normas técnicas de funcionamento para o cal se procurará que o persoal a cargo destas actividades teña o adecuado nivel de capacitación. En todo caso, a administración autonómica deberá velar polo mantemento da formación continuada do persoal inspector e para que a dotación de recursos da inspección sexa a adecuada á función que ten que realizar."





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2023 18:06:15
Nº Rexistro: 61587
Data envío: 26/10/2023 18:06:15.048

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 26/10/2023 18:05:36

CSV: BOPGDSPG-8kVbqwnL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Cristina Fernández Davila, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, Diego Lourenzo Moura, Carmela González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a dotación da Xunta de Galiza dos recursos necesarios para prestar atención directa nos servizos sociais públicos.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola relevancia do asunto a tratar que atinxe a prestación de servizos públicos esenciais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De maneira reiterada, o Goberno do Partido Popular, xustifica a privatización da xestión de servizos públicos esenciais na ausencia de recursos suficientes por parte da administración para xestionalos de maneira directa.

Sen ir máis lonxe, a recente aprobación do concurso público polo que se licita a xestión das dúas novas residencias de maiores construídas pola Fundación Amancio





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ortega (FAO), en Santiago e Lugo, xustifica a súa privatización na ausencia de medios persoais e materiais axeitados para xestionalas de maneira directa

A idoneidade da fórmula de contratación está motivada fundamentalmente en que, na actualidade, a Xunta de Galicia dispón do financiamento necesario para a prestación do servizo, obxecto do contrato, pero non dispón de medios persoais e materiais axeitados para levar a cabo as distintas prestacións que compoñen o obxecto do contrato, polo que, ao ter este servizo un contido económico que o fai susceptible de explotación por entidades privadas, resulta necesario promover a súa xestión indirecta por empresas que reúnan os requisitos para levar a cabo a prestación do servizo.

A mesma argumentación dos últimos 14 anos coa que, realmente, se pretende soste unha aposta política decidida pola privatización de servizos públicos esenciais, especialmente en coidados e atención á dependencia. Cómpre lembrar que esta non é unha situación coxuntural senón unha decisión consciente como demostra a vaga privatizadora dos últimos anos.

Por todo isto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Por que non inviste a Xunta de Galiza diñeiro público no aprovisionamento deses recursos?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Cristina Fernández Davila

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

Diego Lourenzo Moura

Carmela González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/11/2023 12:44:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/11/2023 12:46:13

Mercedes Queixas Zas na data 20/11/2023 12:46:22

Rosana Pérez Fernández na data 20/11/2023 12:46:29

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/11/2023 12:46:36

Daniel Pérez López na data 20/11/2023 12:46:44

Iria Carreira Pazos na data 20/11/2023 12:46:52

Olalla Rodil Fernández na data 20/11/2023 12:47:00

Daniel Castro García na data 20/11/2023 12:47:08

María del Carmen Aira Díaz na data 20/11/2023 12:47:17

Noa Presas Bergantiños na data 20/11/2023 12:47:24

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/11/2023 12:47:32

Diego Lourenzo Moura na data 20/11/2023 12:47:39

Xosé Luis Bará Torres na data 20/11/2023 12:47:46

María Montserrat Prado Cores na data 20/11/2023 12:47:54

Alexandra Fernández Gómez na data 20/11/2023 12:48:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 20/11/2023 12:48:09

Carmela González Iglesias na data 20/11/2023 12:48:16

Cristina Fernández Davila na data 20/11/2023 12:48:24



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A comezos de 1981 inaugurábase no barrio compostelán de Vite o CEIP Vite I, no que na actualidade cursan estudos arredor de duascenas alumnas e alumnos nos niveis educativos de infantil e primaria. Nos seus máis de 40 anos de vida, este centro escolar non foi obxecto de ningunha obra de reforma de certo calado que dese resposta ás numerosas deficiencias que presenta froito do desgaste polo paso do tempo, de non ser as distintas accións que cada verán realiza o Concello compostelán.

Ese centro precisa de maneira urxente de accións de mellora de eficiencia enerxética, renovación das instalacións de electricidade e fontanería así como a reparación do valado exterior, obras todas elas que deberían formar parte dun plan integral de mellora do centro.

A maiores, e dado que o centro recibe cada ano alumnado con discapacidade e mobilidade reducida, faise imprescindible unha pasarela que conecte todos os patios exteriores para que eses nenos e nenas poidan compartir os momentos de lecer cos seus compañeiros e compañeiras e non teñan que agardar noutros espazos porque non hai posibilidade material de acceder a determinados lugares. Os patios de xogo nos centros de ensino son tamén zonas coeducativas e participativas, onde as nenas e nenos deben socializar en igualdade de condicións e dispoñendo de espazos adecuados.



Pese ás reiteradas peticións por parte da comunidade educativa do centro e do propio Concello de Santiago ao longo dos últimos anos, a Consellaría de Educación nunha executou ningunha acción que non fose pequenas reparacións que non solucionan o problema estrutural do centro.

O Grupo Socialista presentou hai máis dun ano no parlamento de Galicia unha proposición non de lei reclamando esa reforma integral, pero o Partido Popular votou en contra impedindo así esa obra necesaria. Mais a situación dese centro escolar é xa insostible e é por iso que o Grupo Socialista quere volver reclamar unha verdadeira reforma integral do CEIP Vite I, coas necesarias e urxentes actuacións que permitan unha educación pública en condicións dignas.

Por todo iso, preguntamos:

Considera o Goberno galego que o CEIP Plurilingüe Vite 1 é merecedor dunha obra de reforma integral?

Parlamento de Galicia, 9 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/11/2023 19:12:58

Noelia Otero Lago na data 09/11/2023 19:13:11



Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Fundación Amancio Ortega constituíuse o 10 de xullo do ano 2001 cuxa xestión parte do padroado presidido por Flora Pérez Marcote. Trátase dunha institución sen ánimo de lucro coa meta de xestionar proxectos clave para mellorar a educación e o benestar social da sociedade. O seu marco de traballo se encadra dentro da Axenda 2030 aprobada pola Asamblea General de Naciones Unidas na que se establecen 17 Obxectivos en torno a 5 grandes eixes: as persoas, o planeta, a prosperidade, a paz e as alianzas. Dentro deste proxecto, Galicia recibiu doazóns de calado nas áreas de sanidade e benestar fundamentais para a cidadanía galega.

Unha das máis importantes é a construción de 7 residencias de maiores financiada pola Fundación con 90 millóns de euros con 900 novas prazas para a rede pública galega, nas cidades máis importantes de Galicia.

Catro anos despois, o Goberno galego anuncia a cesión da xestión pública directa a través da licitación das primeiras residencias froito da doazón da fundación.

Tendo en conta a finalidade da doazón, cun investimento tan importante por parte da Fundación Amancio Ortega, en aras de mellorar o benestar da poboación galega e de contribuír á rede de prazas públicas de atención residencial, así como o importante déficit de prazas públicas de atención residencial, nunha das comunidades autónomas máis envellecidas do país, non



é dilixente ceder a xestión dun patrimonio de prazas residenciais tan importante.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos, que tras 14 anos de Goberno autonómico do Partido Popular cun balance de creación de prazas de atención residencial públicas nulo, é unha irresponsabilidade ceder a xestión destas residencias nun momento no que a sociedade demanda un cambio de modelo de atención para as persoas maiores e/ou con dependencia tras vivir o epicentro da pandemia nestes centros.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o motivo de que a Consellería de Política Social renuncie á xestión directa dos centros de atención residencial doados para a rede pública galega por parte da Fundación Amancio Ortega?

Santiago de Compostela, 9 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 10/11/2023 10:38:06





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2023 10:43:39
Nº Rexistro: 62125
Data envío: 10/11/2023 10:43:39.903

Julio Torrado Quintela na data 10/11/2023 10:38:17

CSV: BOPGDSPG-8kVbqwnL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
228738

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Carmela González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a instalación dunha fábrica de baterías para vehículos eléctricos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A falta de iniciativa política por parte da Xunta de Galiza, e de visión estratéxica respecto da planificación industrial, leva provocado durante estes 14 anos de goberno do Partido Popular a destrución de 40.000 postos de traballo industriais segundo cifras do CES Galiza.

Mais a contundencia e a gravidade dos datos e da problemática social e económica que expresan non fai cambiar a liña política da Xunta en materia industrial, e como consecuencia Galiza pode ficar á marxe da promoción e instalación de novas e importantes infraestruturas e factorías industriais.

Salienta neste sentido a inacción e o silencio absoluto da Xunta de Galiza respecto da posibilidade de conseguir para o noso país a instalación dunha fábrica de baterías para vehículos eléctricos. E isto malia ser Galiza un dos principais fabricantes de vehículos do estado español e de termos unha economía moi dependente deste sector industrial, o que para calquera goberno do mundo significaría a obriga de elaborar unha planificación estratéxica e de dotarse das instalacións necesarias para manter a actividade e o emprego do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A decisión de STELLANTIS de instalar a súa anunciada fábrica de baterías para a península Ibérica no centro de traballo que ten en Zaragoza, en detrimento do centro máis grande e produtivo que ten na península, que é o de Vigo, ten sido cualificada polo xornal *La Voz de Galicia* como “golpe de STELLANTIS ao motor galego”, mais aínda non provocou reacción ningunha por parte da Xunta de Galiza que prefire facer como se esta decisión non fose, efectivamente, unha das peores noticias que se teñen producido desde hai moito tempo para o sector da automoción con todas as implicacións económicas e sociais que iso implica para Galiza no seu conxunto.

Desde o BNG vimos defendendo que a Xunta debe tomar a iniciativa neste sector, a comezar pola constitución dunha mesa sectorial específica, unha Mesa Galega da Automoción, coa participación de todos os factores implicados, que puidera servir de foro no que debater e elaborar unha diagnose de situación e necesidades, fixar obxectivos e recomendar liñas de traballo.

Hoxe máis do que nunca, ante a evidencia da falta de planificación e proxecto por parte do goberno galego do Partido Popular, e das graves consecuencias que esta política provoca no noso país, a constitución deste foro sectorial parece necesaria e urxente.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora a Xunta de Galiza o anuncio de STELLANTIS de situar a súa fábrica ibérica de baterías en Zaragoza?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carmela González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 10/11/2023 11:34:37

Daniel Pérez López na data 10/11/2023 11:34:48

Carmela González Iglesias na data 10/11/2023 11:35:53





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A intelixencia artificial (IA) é un campo da informática que se centra en desenvolver sistemas e programas capaces de realizar tarefas que normalmente requiren da intelixencia humana. A IA baséase en algoritmos e modelos matemáticos que permiten ás máquinas procesar grandes cantidades de datos, identificar patróns e tomar decisións baseadas nesa información, podendo aprender e mellorar co tempo a medida que se lles proporciona máis datos e adéstraselles con algoritmos de aprendizaxe automática.

Actualmente a intelixencia artificial é algo que forma parte do noso día a día: usamos algoritmos intelixentes cando facemos procuras por internet, cando usamos o navegador do coche ou cando recibimos propostas de música ou series de TV. A IA son sistemas que razoa sobre o coñecemento e procesan a información derivada deses datos e, en base a todo iso, deciden ou propoñen as mellores accións a tomar para lograr o obxectivo dado.

A asistencia sanitaria non pode obviar estes avances nin a capacidade que ofrece a intelixencia artificial, polo que co desenrolo desta tecnoloxía existen grandes expectativas relacionada co uso do Big Data e a IA no eido sanitario. A intelixencia artificial revolucionou moitos campos, incluíndo o sector da saúde. A súa capacidade para analizar grandes cantidades de datos e atopar patróns ocultos permitiu avances significativos na detección precoz de enfermidades e o diagnóstico.

A detección temperá de enfermidades é crucial para aumentar as posibilidades de éxito no tratamento e mellorar a calidade de vida dos pacientes e a IA pode axudar neste proceso ó analizar datos médicos.





Recentemente vimos como a Consellería de Sanidade deixaba patente a súa aposta pola IA para mellorar a detección precoz, diagnóstico e tratamento de enfermidades, aproveitando as fortalezas do sistema sanitario público galego como a historia clínica electrónica.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que melloras está a traballar a Consellería de Sanidade para aproveitar as potencialidades e oportunidades que xera o emprego da intelixencia artificial no ámbito sanitario?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/11/2023 11:50:50

José Alberto Pazos Couñago na data 10/11/2023 11:51:07

María Corina Porro Martínez na data 10/11/2023 11:51:21

Noelia Pérez López na data 10/11/2023 11:51:35

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 10/11/2023 11:51:52

López Sánchez, Rosalía na data 10/11/2023 11:52:05

Raquel Arias Rodríguez na data 10/11/2023 11:52:18





A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

No ano 2021 Galicia deulle un impulso definitivo á creación e posta en funcionamento de Unidades Funcionais Multidisciplinares coa publicación o 5 de novembro no Diario Oficial de Galicia da ORDEN de 27 do outubro do 2021 pola que se regula a creación, composición, organización e funcionamento das unidades funcionais multidisciplinares de atención asistencial no Servizo Gallego de Saúde.

Dende aquel ano puxéronse en marcha diferentes unidades que puxeron de manifesto que para unha abordaxe máis adecuada de determinadas patoloxías é necesaria unha organización transversal, na que profesionais de distintos niveis asistenciais e pertencentes a diferentes servizos, se coordinen para prestar unha atención integral.

O pasado mes de outubro aprobouse por todos os grupos deste Parlamento unha proposición non de lei sobre a posta en marcha de unidades multidisciplinares da dor en todas as áreas sanitarias.

Dende este Grupo Parlamentario cremos que a posta en marcha deste tipo de unidade pode redundar nunha mellora na atención destes doentes, ben sexan por dor crónica ou dor aguda.

Tanto a dor crónica como a dor aguda son formas de dor que poden afectar os pacientes de maneira significativa. A comprensión das diferenzas entre estes dous tipos de dor e o manexo adecuado de cada un pode ser crucial para mellorar a calidade de vida dos pacientes e proporcionarlles o alivio necesario.

Como sinalamos, dende este grupo cremos que a creación destas unidades é algo fundamental que permitirá dar unha atención sanitaria máis completa que aborde de maneira integral esta patoloxía. Ó igual que permitirá implantar protocolos de actuación integrados que sumen o coñecemento dende diferentes perspectivas e especialidades para acadar un maior grado de eficacia e eficiencia na atención sanitaria aos pacientes.





Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que actuacións está a poñer en marcha a Xunta de Galicia para mellorar a atención á dor tanto crónica como aguda no eido sanitario?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/11/2023 11:55:12

José Alberto Pazos Couñago na data 10/11/2023 11:55:29

María Corina Porro Martínez na data 10/11/2023 11:55:43

Noelia Pérez López na data 10/11/2023 11:55:57

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 10/11/2023 11:56:15

López Sánchez, Rosalía na data 10/11/2023 11:56:30

Raquel Arias Rodríguez na data 10/11/2023 11:56:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a valoración que fai a Xunta de Galiza ao respecto dunha posible venda do Celta e do seu proxecto Galicia Sports 360.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo as informacións publicadas no xornal El Mundo o pasado mes de outubro, o empresario Carlos Mouriño viría de multiplicar o valor que pide polas súas accións no Celta grazas a aprobación do proxecto Galicia Sports 360. Segundo esta fonte, o empresario pasou de ter valoradas as súas accións en 75 millóns de euros en 2018, a reclamar agora 200 millóns polas mesmas.

Este cambio no posible valor de mercado do clube viría ligado á aprobación do macroproxecto empresarial de Mouriño Galicia Sports 360 en terreos de Mos como Proxecto de Interese Autonómico pola Xunta de Galiza. Esta declaración interesada pretendía dar cobertura legal a unhas instalacións iniciais que contaban cunha sentenza contraria do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. Ademais, esta declaración supuxo para Mouriño unha alfombra vermella para facerse cos terreos comunais a prezo de saldo, para a súa posterior recalificación e reclasificación, así como a aplicación dunha serie de excepcións na súa tramitación que facilitan ao empresario saltarse e simplificar trámites ambientais e de participación social. É dicir, a intervención da Xunta de Galiza vai ser unha peza fundamental e necesaria para que o empresario





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mouriño puidese desenvolver pola vía da tramitación extraordinaria un pelotazo urbanístico de manual.

Máis alá desta axuda particular e empresarial a Mouriño, o interese autonómico deste proxecto non está acreditado. Como tampouco está entre os obxectivos do proxecto Galicia Sports 360 un obxectivo social, senón o lucro empresarial.

As informacións publicadas por El Mundo non só revelan que o clube pasou a máis que duplicar o seu valor, senón que tamén pon o foco sobre posibles intentos recentes de Mouriño de desfacerse do clube, do cal é dono a través do grupo GES.

De ser así, chama a atención que a declaración do interese autonómico non parece que levase aparelado ningún compromiso por parte da empresa e do empresario que se beneficia da súa declaración, senón ao contrario: é a declaración de interese autonómica a que serviría aos obxectivos empresarias de lograr o máximo beneficio nunha posible venda do proxecto, do clube ou dos terreos.

Ante estas informacións publicadas e a sombra de dúbida sobre os intereses particulares deste proxecto e as súas terribles consecuencias sociais e ambientais, fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galiza ao respecto dunha posible venda do Celta e do proxecto Galicia Sports 360?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 13/11/2023 11:31:10

Carmela González Iglesias na data 13/11/2023 11:31:16

Xosé Luis Bará Torres na data 13/11/2023 11:31:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o incremento dos prezos da vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O prezo da vivenda en aluguer aumentou de forma desorbitada e continua nos últimos anos. O actual ciclo especulativo alcista inicia despois da crise de 2008 e ten no seu epicentro, a diferenza do ciclo anterior, a vivenda en réxime de aluguer. Os datos obtidos do depósito de fianzas do IGVS reflicten ás claras o descomunal incremento dos prezos en Galiza, cunha suba do 37,45 % dende o 2014 a agosto de 2023, pasando dunha media de 364,5€ a 501€.

Mais o principal aumento rexístrase nas áreas urbanas, que é ademais onde se concentran o groso deste tipo de contratos. Segundo os datos do Observatorio da Vivenda de Galiza, para o período 2014(1º datos da serie histórica publicada)-2023, é dicir en tan só 9 anos, o incremento do prezo da vivenda en aluguer foi dun:

52% Coruña

42% Santiago

42% Ferrol

46% Lugo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

34% Ourense

46% Pontevedra

41% Vigo

En datos totais esta suba supón un aumento do gasto anual en aluguer de entre 1.500 e 2.500€ máis ao ano, sendo a cidade da Coruña a que lidera ese incremento e onde hoxe o aluguer medio representa 2.521€ máis ao ano que hai apenas 9 anos.

Este aumento dos prezos do aluguer vai en paralelo a un aumento do custe da vida xeralizado e a unha perda de poder adquisitivo e empobrecemento da poboación. Todo isto está mermando drasticamente a accesibilidade á vivenda.

Segundo datos do IGE, dende o ano 2008 ate o 2021, o gasto medio mensual dos fogares galegos no alugueiro da vivenda principal aumentou un 28%. O 2,5% dos galegos e galegas víronse obrigados a retrasar con certa frecuencia os pagos da vivenda (Informe sobre exclusión y desarrollo social en Galicia. 2019. FOESSA).

Ademais, compre salientar que este novo ciclo de incremento de presos **afecta especialmente a sectores en situación de pobreza**, xa que viñan recorrendo ao réxime de alugueiro nunha maior porcentaxe ao non poderen acceder ao réxime de tenencia en propiedade (o 38% dos fogares en exclusión social acceden á vivenda en réxime de aluguer, fronte ao 17% da poboación restante. FOESSA).

Ademais dun empeoramento na accesibilidade, tamén está a supor una perda de recursos dispoñibles para as familias. En 2018 máis dunha cuarta parte dos fogares galegos dedicaban máis dun 30% de ingresos ao aluguer (segundo o IGVS) e un 56,7% das persoas en situación de pobreza severa dedican máis dun 40% da súa renda para o mantemento dos gastos relacionados coa vivenda (segundo o INE).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes datos revelan, novamente, que é para as persoas nunha situación de maior pobreza ás que lles está a afectar máis este encarecemento da vivenda. Por iso é fundamental actuar de forma urxente para frear este incremento de prezos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer a Xunta de Galiza para frear os prezos da vivenda libre?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 13/11/2023 11:23:18

Paulo Ríos Santomé na data 13/11/2023 11:24:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 13/11/2023 11:25:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o incremento dos prezos da vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O prezo da vivenda en aluguer aumentou de forma desorbitada e continua nos últimos anos. O actual ciclo especulativo alcista inicia despois da crise de 2008 e ten no seu epicentro, a diferenza do ciclo anterior, a vivenda en réxime de aluguer. Os datos obtidos do depósito de fianzas do IGVS reflicten ás claras o descomunal incremento dos prezos en Galiza, cunha suba do 37,45 % dende o 2014 a agosto de 2023, pasando dunha media de 364,5€ a 501€.

Mais o principal aumento rexístrase nas áreas urbanas, que é ademais onde se concentran o groso deste tipo de contratos. Segundo os datos do Observatorio da Vivenda de Galiza, para o período 2014(1º datos da serie histórica publicada)-2023, é dicir en tan só 9 anos, o incremento do prezo da vivenda en aluguer foi dun:

52% Coruña

42% Santiago

42% Ferrol

46% Lugo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

34% Ourense

46% Pontevedra

41% Vigo

En datos totais esta suba supón un aumento do gasto anual en aluguer de entre 1.500 e 2.500€ máis ao ano, sendo a cidade da Coruña a que lidera ese incremento e onde hoxe o aluguer medio representa 2.521€ máis ao ano que hai apenas 9 anos.

Este aumento dos prezos do aluguer vai en paralelo a un aumento do custe da vida xeralizado e a unha perda de poder adquisitivo e empobrecemento da poboación. Todo isto está mermando drasticamente a accesibilidade á vivenda.

Segundo datos do IGE, dende o ano 2008 ate o 2021, o gasto medio mensual dos fogares galegos no alugueiro da vivenda principal aumentou un 28%. O 2,5% dos galegos e galegas víronse obrigados a retrasar con certa frecuencia os pagos da vivenda (Informe sobre exclusión y desarrollo social en Galicia. 2019. FOESSA).

Ademais, compre salientar que este novo ciclo de incremento de presos **afecta especialmente a sectores en situación de pobreza**, xa que viñan recorrendo ao réxime de alugueiro nunha maior porcentaxe ao non poderen acceder ao réxime de tenencia en propiedade (o 38% dos fogares en exclusión social acceden á vivenda en réxime de aluguer, fronte ao 17% da poboación restante. FOESSA).

Ademais dun empeoramento na accesibilidade, tamén está a supor una perda de recursos dispoñibles para as familias. En 2018 máis dunha cuarta parte dos fogares galegos dedicaban máis dun 30% de ingresos ao aluguer (segundo o IGVS) e un 56,7% das persoas en situación de pobreza severa dedican máis dun 40% da súa renda para o mantemento dos gastos relacionados coa vivenda (segundo o INE).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes datos revelan, novamente, que é para as persoas nunha situación de maior pobreza ás que lles está a afectar máis este encarecemento da vivenda. Por iso é fundamental actuar de forma urxente para frear este incremento de prezos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza a desenvolver a declaración de áreas tensionadas?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 13/11/2023 11:24:01

Paulo Ríos Santomé na data 13/11/2023 11:24:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 13/11/2023 11:25:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación actual do Centro de Saúde de Viveiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os últimos días puidemos ver como persoas usuarias do Centro de Saúde de Viveiro denunciaban o feito de que non se están a dar citas médicas. Ante esta situación os propios traballadores e traballadoras do Centro de Saúde trasladan que nos desde hai días, só hai 2 médicos en quenda de mañá, polo que non están a facer consultas de atención primaria, só poden atender o servizo de urxencias.

Do mesmo xeito, é ben sabido que as carencias no servizo de pediatría continúan. Por esta razón é necesario que veñan profesionais desde Lugo e neste caso non acoden todos os días. Pero se a situación é grave, tórnase máis grave cando somos coñecedores de que as pediatras que estiveron trasladándose ultimamente ofrecéronse á Xerencia para establecerse en Viveiro e dar un servizo con contrato continuado, mais a Xerencia rexeitouno e continúan con contratos por días.

Se isto fose pouco e por engadir un mellor contexto, é necesario saber que desde que se xubilou o antigo Xefe de Servizo do Centro de Saúde, antes da pandemia, non se cubriu ese posto, ademais na maioría dos centros existe a figura de Xefe de Admisión, mais en Viveiro non se ofertou ás dúas persoas que hai con praza en propiedade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, a inestabilidade que hai respecto ás consultas, supón unha sobrecarga de traballo para este persoal que chega a ter que cancelar até 30 citas dunha soa vez. Pero por se fose pouco, o Centro de Saúde de Viveiro tamén ten sen cubrir o posto de Coordinación de Enfermería. A coordinadora leva tempo de baixa, e tamén ten próxima a xubilación.

Toda esta situación, á que tamén hai que engadir os graves problemas de persoal existentes nos concellos próximos de Ourol e O Vicedo conlevan unha grave sobrecarga de traballo do persoal e falta de estabilidade, que desemboca en continuas baixas do persoal por estrés e na solicitude de traslados, maiormente a Asturias, afectando así á saúde e agravando o problema da falta de atención ao usuario por falta de persoal.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai a Xunta de Galiza cubrir todas as prazas baleiras no Centro de Saúde de Viveiro?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 13/11/2023 11:47:34

María Montserrat Prado Cores na data 13/11/2023 11:47:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para garantir unha renda digna ás mariscadoras e mariscadores afectados por paro ou cese de actividade por mor da mortalidade masiva de marisco, así como ás confrarías.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As intensas choivas das últimas semanas están a deixar imaxes verdadeiramente impactantes nas nosas praias. A mortalidade masiva producida en distintos areais da ría de Muros e Noia, deuse, con máis ou menos intensidade, noutros puntos da costa: Na ría de Arousa, na ría de Pontevedra, na de Camariñas, na de Betanzos, na de Ferrol ... Episodios que lembran todos eles aos acontecidos a primeiros deste mesmo ano e que tan graves consecuencias trouxeron á practica totalidade do sector marisqueiro galego.

O ocorrido dende o mes de outubro vén a poñer o ramo a un ano especialmente difícil para o marisqueo galego, que comezou tamén con moita choiva, baleirado de encoros, baixa salinidade das augas, mortalidade, para continuar con distintas ‘mareas vermellas’, alta temperatura do mar no verán e primeiros do outono e peches anticipados nas campañas de libre marisqueo da ría de Arousa e da campaña en Muros e Noia. Todo isto, por enriba dunha xeralizada e continuada baixa de produtividade no conxunto das rías que non cesa dende hai anos.

Malia que en moitos casos o recrutamento de bivalvos permitía manter unhas boas expectativas, finalmente o seu tamaño non acadou a talla comercial e, nestes momentos, as consecuencias xa se están a sufrir por parte de miles de mariscadoras e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mariscadores e tamén por aquelas empresas que viven máis directamente desta actividade extractiva, como as depuradoras e as conserveiras.

Para os traballadores e traballadoras do mar e para as propias confrarías, cuxos ingresos tamén diminúen, ‘chove sobre mollado’. En pouco máis de dous anos viron como se malograba a súa produción en tres ocasións: Xaneiro-febreiro de 2021, xaneiro de 2023 e, agora, en outubro e no que vai de novembro, cando o tempo de choivas ten apenas comezado.

O seu desánimo é evidente e xa comeza a convertese en desesperación coa proximidade do nadal e a posibilidade de non poder atender a demanda desas datas. Mais, sobre todo, a súa preocupación aumenta cando é a propia Administración a que non toma man da súa problemática e, no canto de poñer á súa disposición os recursos necesarios para aliviala, é precisamente quen non facilita as solucións.

Por unha banda, séguese sen controlar e regular o baleirado dos encoros que, ano tras ano, vén influíndo na baixada da salinidade e, polo tanto, acarreando consecuencias nefastas para os bancos marisqueiros e para os propios mariscadores e mariscadoras.

Por outra, os requisitos esixidos para poder acollerse ás distintas prestacións e/ou axudas económicas das administración son, na práctica, moitas veces imposíbeis de cumprir. É máis, o FEMP nin sequera dá cobertura ao marisqueo a pé e o novo FEMPA, que supostamente podería atendelo, aínda non é efectivo. Tampouco a Administración galega ten liñas de subvención propias para facer fronte aos ceses de actividade que eventualmente se produzan nin para as difíciles situacións ás que se enfrontan as entidades.

Incribelmente, moitas e moitos deles, despois de acollérense a distintas prestacións dende o ano 2021, non van poder optar neste momento a ningunha outra, podendo chegar a verse nunhas circunstancias moi comprometidas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para garantir unha renda digna a todas as mariscadoras e mariscadores afectados por un paro ou cese de actividade por mor da masiva mortalidade de marisco das últimas semanas en distintos puntos da costa galega?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 13/11/2023 13:26:20

Carmela González Iglesias na data 13/11/2023 13:26:25

Rosana Pérez Fernández na data 13/11/2023 13:26:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a levar a cabo polo Goberno galego para a recuperación do estado das rías galegas e evitar a súa continua perda de produtividade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No sector do mar hai hoxe moitos problemas e moi graves mais, tendo en conta o marco competencial e o ecosistema único no mundo que constitúen as rías galegas, o obxectivo prioritario do Goberno galego debера ser ter unha calidade das augas que garanta a súa diversidade e capacidade produtiva.

A Xunta de Galiza debería responsabilizarse das súas propias competencias, tomarse a serio e actuar diante da importante perda produtiva das rías galegas. A súa obriga legal é protexelas, sinaladamente no referente á necesidade de adicar recursos humanos, económicos e tecnolóxicos para investigar e vixiar as condicións ambientais, os vertidos, a calidade de depuración das EDAR e a calidade das augas dos ríos para mellorar a súa actividade produtiva e non deixar de ser un dos principais motores socio-económicos do país.

Cada vez son máis os indicadores da perda de peso do sector marisqueiro galego: A redución de permisos de marisqueo a pé pasou de 4.755 en 2009 a 3.700 en 2.022 (-22%); entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro deste ano a produción de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

berberecho foi case un 69% menor que a do mesmo período do ano anterior, segundo os datos da propia Consellaría do Mar; a de ameixa fina e babosa caeu un 67%; tanto no 2020 como no 2021, Portugal superou a Galiza como o principal proveedor de bivalvos no mercado español ...

Os chamamentos das confrarías e do sector marisqueiro a que a Administración leve a cabo estudos en profundidade sobre o que está a pasar nas rías veñen sendo reiterados dende hai anos e especialmente insistentes nos últimos. Tanto é así, que a situación das rías e a merma de produtividade foi unha das principais preocupacións que as confrarías lle transmitiron ao novo conselleiro de Mar, após da súa toma de posesión e que lle reiteraron a comezos deste mesmo mes de novembro, solicitándolle explicitamente “que se leven a cabo actuacións a curto prazo que eviten o deterioro do sector e a perda de postos de traballo”.

No entanto, os orzamentos presentados pola Consellaría para o vindeiro 2024 non deixan moita marxe para a esperanza. Resulta moi significativo que o programa 723A, Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, que permitiría realizar intervencións nos bancos marisqueiros, pasa de 72.569.862 euros no 2023 a 45.933.770, no 2024. Un programa que xa no 2022 executou só o 47% do seu orzamento, deixando sen executar 29.483.000 dun total de 55.895.000 euros.

Comprobamos, polo tanto, que o mar e toda a actividade que del se deriva, principal fonte de desenvolvemento económico nas zonas costeiras, ten cada vez menos importancia orzamentaria e que, tanto no económico como no político, é apenas unha extensión da hiperregulación e da uniformización europea e estatal. A iniciativa propia, tanto en innovación como en investigación, e moito menos propostas necesarias en defensa do sector, apenas se coñecen.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os datos existen, e todos indican un declive importante do sector, que hai problemas. As actuacións rotineiras que non van á orixe, ás causas deses problemas xa non son suficientes. E, para tentar non só manter senón mellorar o estado biolóxico das rías galegas e a súa produtividade, fai falta unha intervención decidida por parte do Goberno galego, que teña como obxectivo prioritario recuperalas e conservalas, baseándose no coñecemento e na investigación e a partir da que se fixen liñas de actuación a levar a cabo, dende as máis urxentes ás de máis longo prazo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar o Goberno galego para a recuperación do estado das rías galegas e evitar a súa contínua perda de produtividade?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 13/11/2023 13:28:53

Carmela González Iglesias na data 13/11/2023 13:30:06

Daniel Castro García na data 13/11/2023 13:30:30





A Mesa do Parlamento

Ana Belén García Vidal, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Adrián Pardo López, Noelia Pérez López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

As asociacións veciñais desempeñan un papel fundamental na dinamización da vida local, en concreto centran a atención e reivindicación das demandas dos cidadáns desde o ámbito máis próximo á veciñanza.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, regula nos artigos 255 e 256 as asociacións de veciños e determina, especificamente que os concellos galegos favorecerán o desenvolvemento daquelas que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños. As constituídas con esta finalidade terán a consideración de entidades de participación cidadá e poderán federarse dentro de cada municipio.

Coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade da vida local, fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, convoca liñas de axudas específicas para apoiar os seus investimentos, tanto de obras en locais sociais, como na dotación do equipamento necesario para levar a cabo as súas actividades, así como, para promover actuacións as traídas de auga veciñais.

Entre as entidades beneficiarias figuran un amplo abano do tecido asociativo veciñal: desde asociacións de veciños en sentido estrito, ata as súas confederacións, federacións ou unións, así como comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia dos apoios que presta ás asociacións de veciños dos diferentes concellos de Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2023





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2023 13:41:24
Nº Rexistro: 62192
Data envío: 13/11/2023 13:41:24.717

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén García Vidal na data 13/11/2023 13:13:39

Paula Prado del Río na data 13/11/2023 13:13:54

María Sol Díaz Mouteira na data 13/11/2023 13:14:05

María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/11/2023 13:14:21

Pardo López, Adrián na data 13/11/2023 13:14:34

Noelia Pérez López na data 13/11/2023 13:14:47

Katherinie Varela Fernández na data 13/11/2023 13:15:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPG-8kVbqwnL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Mariña lucense é unha das comarcas máis puxantes da provincia de Lugo, tanto desde o punto da súa actividade económica, con importantes industrias e os principais portos pesqueiros do Cantábrico, como polo seu pulo turístico, baseado nun rico patrimonio paisaxístico e cultural, nunha oferta comercial potente e na súa gastronomía de calidade.

Con todo, unha das carencias máis evidentes deste territorio ten que ver co seu déficit en materia de infraestruturas e, en particular, coa necesidade de que avancen os proxectos pendentes sobre novas vías de comunicación que levan anos proxectadas pero que, por diferentes razóns non acaban de executarse.

Este é o caso da Autovía da Mariña (A-74), unha infraestrutura de competencia estatal que, pese a anteriores promesas do Goberno socialista, continúa a día de hoxe sen un só quilómetro en servizo, en obras ou tan sequera contratado.

A esta situación hai que engadir o mal estado que presentan, desde o punto de vista da conservación e mantemento, as estradas nacionais, onde atopamos o mellor exemplo con todo o que acontece en relación co sovacón da vergonza, na N-642.

Por outra banda, a Vía de Altas Capacidades Costa Norte, de competencia autonómica, non avanza porque o Goberno municipal de Viveiro mantén bloqueada a variante desta localidade, ao rexeitar as propostas de trazado realizadas pola Xunta e amosarse contrarios tamén á construción dunha ponte sobre a ría.

Todo iso a pesar de que a Xunta vén demostrando un compromiso incuestionable coa VAC da Costa Norte, da que xa executou a Variante de Ortigueira e o treito Celeiro-San Cibrao -o primeiro desta infraestrutura que percorre o territorio lucense- cun investimento que supera os 100 M€.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:





Que opinión lle merece ao Goberno galego a situación na que se atopan as infraestruturas na Mariña lucense?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 13/11/2023 13:24:37

Carmen María Pomar Tojo na data 13/11/2023 13:24:54

Ramón Carballo Páez na data 13/11/2023 13:25:09

María Belén Salido Maroño na data 13/11/2023 13:25:21

José Luis Ferro Iglesias na data 13/11/2023 13:25:31

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/11/2023 13:25:44

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/11/2023 13:25:58





A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego veñen de asinar un pacto polo que, unha vez máis, garanten o apoio da formación política *frontista* a unha nova investidura de Pedro Sánchez como presidente do Goberno de España, a cambio dunha serie de compromisos entre os que se inclúen varios en materia de infraestruturas.

O devandito acordo causa escepticismo, tendo en conta o grado de incumprimentos do anterior pacto no que prometeran, entre outras cuestións, a transferencia da AP-9, que quedou en nada, ou unha serie de rebaixas nas peaxes das autoestradas de competencia estatal que non colmaron as expectativas xeradas.

O novo acordo destaca tanto polo que inclúe como polas súas notorias ausencias, pois xa non se recolle expresamente a transferencia da AP-9, nin os compromisos relativos a que as cidades de Lugo e Ferrol teñan acceso á alta velocidade ou sobre as autovías estatais pendentes, como a autovía da Mariña, a de Lugo-Ourense, Ourense-Ponferrada, ou a nova de Vigo-Porriño.

Finalmente o acordo entre o BNG e o PSOE compromete rebaixar as peaxes da autoestrada AP-53 o que vén demostrar que, tal e como vén defendendo o Partido Popular e a Xunta desde hai anos, bonificar esas peaxes era posible pero non se facía porque non tiña vontade de facelo o presidente Pedro Sánchez.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia dos compromisos en materia de infraestruturas estatais incluídos no acordo PSOE-BNG para apoiar unha nova investidura de Pedro Sánchez como presidente do Goberno de España?

Santiago de Compostela 13 de novembro de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2023 13:43:25
Nº Rexistro: 62198
Data envío: 13/11/2023 13:43:25.795

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 13/11/2023 13:29:38

Carmen María Pomar Tojo na data 13/11/2023 13:29:56

Ramón Carballo Páez na data 13/11/2023 13:30:11

María Belén Salido Maroño na data 13/11/2023 13:30:24

José Luis Ferro Iglesias na data 13/11/2023 13:30:35

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/11/2023 13:30:51

Freire Vázquez, María Begoña na data 13/11/2023 13:31:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-8kVbqwnL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A comarca encabezada polo Concello do Carballiño, que conta con máis de 14.000 habitantes no núcleo urbano e máis de 26.000 habitantes que dependen sanitariamente do centro de saúde do Carballiño.

Hai un ano os veciños e veciñas do Carballiño uníanse para reivindicar unha praza adicional de matrona no centro de saúde, así como a necesidade dunha maior cobertura de atención xinecolóxica e pediátrica.

Os servizos que se blinden nas provincias máis afectadas pola despoboación, nomeadamente Lugo e Ourense, serán parte da loita polo reto demográfico, un dos desafíos máis importantes para Galicia, tendo en conta que somos das comunidades autónomas co peor saldo vexetativo do país. Especialmente grave na provincia de Ourense, onde as persoas pensionistas xa superan ás cotizantes. A atención en pediatría é unha das áreas sanitarias máis demandadas, contando con dúas prazas que na actualidade atópanse sen cubrir en ningún dos casos na xornada completa, debido nun caso a unha xubilación e dependendo todos os menores da comarca dun único profesional que se despraza dende outro centro.

A sanidade pública é un dos servizos prioritarios e condicionantes para o benestar e asentamento da poboación. Tendo en conta que a provincia de Ourense é a que peores datos demográficos e de saldo vexetativo ofrece, o goberno galego ten que exercer políticas de discriminación positiva que garanta servizos coma a sanidade pública. E máis aínda tendo en conta que as



mulleres que deciden ser nais nesta provincia, e nomeadamente na comarca do Carballiño deberan ter blindados os servizos de matrona, xinecoloxía e pediatría como mínimo. Tendo en conta a carencia de pediatras nestes momentos, máis a inexistencia de pediatría polas tardes nin no servizo de urxencias, fai que a maioría de nenos e nenas teñan que recorrer ao servizo de urxencias de Ourense, moitas veces colapsado, ou á sanidade privada.

Estamos a falar dun dos núcleos máis importantes da provincia despois da cidade, en termos de poboación. É preciso que o Goberno galego acolla estas demandas que os veciños e veciñas do Carballiño están a trasladar, para así garantir servizos da sanidade pública tan importantes para afianzar poboación como estes.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Está de acordo o Goberno galego coa demanda veciñal do Carballiño que solicita unha praza máis de matrona?

Santiago de Compostela, 10 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 13/11/2023 17:28:53





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2023 17:33:10
Nº Rexistro: 62212
Data envío: 13/11/2023 17:33:10.482

Julio Torrado Quintela na data 13/11/2023 17:29:03

CSV: BOPGDSPG-8kVbqwnL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
228775

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O CEIP de Pazos de Reis, é un dos centros máis antigos do Concello de Tui, cos seus 65 anos, a infraestrutura padece serias deficiencias abondo coñecidas pola Xunta de Galicia. De feito, a comunidade educativa co apoio do Concello vén reclamando estes anos a construción dun novo colexio para corrixir a precariedade que padece o alumnado e as e os profesionais así como para dar respostas en canto a capacidade e espazos as necesidades educativas actuais.

No ano 2016 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tiña previsto investir 2,6 millóns de euros na construción dun CEIP en Pazos de Rei, unha actuación incluída no Programa operativo 2014-2020 para a que se contaba daquela cunha parcela de 14.000 metros cadrados.

O novo centro segundo anunciou a propia Consellería de Educación contaría cunha liña con 9 aulas, unha por cada curso entre infantil e primaria aínda que contemplando a posibilidade no proxecto de ampliar a 2 liñas ante o previsible incremento de alumnado.

Nesta lexislatura e case a fin da mesma nada se ten feito novamente para cumprir con este compromiso e necesidade e o proxecto de orzamentos para o 2024 tampouco contempla resposta algunha. A pesar dos esforzos económicos do Concello por acondicionar o centro actual para tratar de garantir uns mínimos para o alumnado e profesorado a obriga do Goberno galego é a de



garantir que os rapaces e rapazas de Tui asistan ás súas clases en condicións dignas.

A Corporación municipal de Tui aprobou por unanimidade o cambio de uso do terreo da Macoca, que constaba como equipamento deportivo, coa intención de levantar alí o novo colexio de Pazos de Reis.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galicia cumprir cos compromisos adquiridos e construír un novo centro educativo en Pazos de Rei en Tui, xa que o existente está obsoleto debido a súa antigüidade?

Santiago de Compostela, 13 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 13/11/2023 17:31:31

Noa Susana Díaz Varela na data 13/11/2023 17:31:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a revogación da autorización de Augas de Galiza, de vertidos ao río Pesqueira de augas residuais industriais procedentes da explotación mineira de San Finx.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autorización de Augas de Galiza, do pasado 1 de febreiro, á empresa mineira Tungsten San Finx, S. L., no procedemento DH.V15.54967, foi obxecto de diversos debates parlamentares dende aquela e a iniciativa deste Grupo. Neles, propoñiamos a anulación de pleno dereito desa autorización, primeiro, e máis tarde a suspensión da executividade da mesma ata que se regularice a situación de ilegalidade na que se atopa a explotación mineira. En todos os casos, o Grupo Parlamentario Popular votou en contra.

No último debate sobre este tema no Parlamento, no Pleno do pasado 27 de setembro, xa advertiamos de que esa autorización, ademais de supoñer a apertura de dilixencias pola Fiscalía contra altos cargos de Augas de Galiza, a comezar pola súa propia directora, estaba a significar o consentimento expreso da Xunta de Galiza do incumprimento da súa propia Resolución, xa que nela fixábase o 1 de xullo como prazo de execución das obras dos sistemas de tratamento de augas residuais e nese momento non estaban nin comezadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Goberno galego acabou prorrogando ese prazo, malia que era sabedora de que a empresa recoñecera publicamente, incluso antes de solicitar a prórroga de execución das obras, que non dispoñía de financiamento para realizalas.

A nova empresa á que foi transferida Tungsten San Finx, S. L. a finais do mes de xuño é unha sociedade mercantil de recente creación, Metais Estratéxicos, S. L., ten un capital social subscrito de 3.600 euros, o que pon de manifesto tamén a súa incapacidade económica non só para asumir as actuacións dos sistemas de tratamento de augas residuais senón tamén as necesarias para cumprir coa totalidade do condicionado da Resolución de Augas de Galiza.

A prórroga concedida remataba no mes de agosto, mais nese mesmo mes a empresa solicita unha nova ampliación do prazo para executar as obras, que foi denegada por Augas de Galiza. No entanto, a raíz da inspección realizada por Augas de Galiza ás instalacións mineiras o 11 de agosto, na que se detectan límites moi superiores aos admitidos en cadmio, cobre e cinc augas abaixo da balsa de decantación final, outórgaselle outra prórroga para que axuste a xestión das augas residuais xeradas nas instalacións ao condicionado da autorización de vertido.

Despois dese prazo, que remataba o pasado 25 de setembro, a data de hoxe, continúan os incumprimentos, as obras están sen executar e, o que é máis grave, os vertidos seguen a producirse. Uns vertidos ilegais que, segundo se desprende do informe dado a coñecer recentemente e realizado polos investigadores do Museo Nacional de Ciencias Naturais e do Real Xardín Botánico, institucións adheridas ao Centro Superior de Investigacións Científicas-CSIC, están a causar graves danos na auga do río e na súa biodiversidade e que, tal e como se ten posto de manifesto moitas veces, poden chegar a afectar á ría de Muros e Noia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para rematar cos incumprimentos da empresa mineira de San Finx e para evitar a continuidade dos vertidos contaminantes?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 14/11/2023 10:38:18

Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2023 10:39:19



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez, Patricia Otero Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O precurso de acredores cuxos trámites ten iniciado a empresa pesqueira Fandicosta está provocando unha grande situación de incerteza e intranquilidade entre o seu persoal, así como na área de Vigo e na bisbarra do Morrazo.

Segundo ten trasladado a propia compañía, o obxectivo deste precurso de acredores pasa por solucionar a súa situación financeira e por reestruturar a súa débeda, que ascende a 90 millóns de euros nun escenario agravado a causa do encarecemento dos xuros.

A Xunta forma parte do accionariado desta empresa cun 12.5 %, polo que cómpre que o goberno galego se implique na busca de solucións de futuro para Fandicosta e que dea información clara dos pasos a seguir para garantir a viabilidade da actividade e do emprego.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2023 11:06:18
Nº Rexistro: 62247
Data envío: 14/11/2023 11:06:18.250

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego a respecto da situación actual de Fandicosta en concurso de acreedores?

Santiago de Compostela, 13 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/11/2023 11:02:28

Patricia Otero Rodríguez na data 14/11/2023 11:02:39

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/11/2023 11:02:50

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/11/2023 11:02:58

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
228782

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno** sobre a necesidade de mellorar a seguridade viaria no tramo da estrada de titularidade autonómica PO-252 que cruza a parroquia de Xunqueiras, en Pazos de Borbén.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os veciños e veciñas da parroquia de Xunqueiras, en Pazos de Borbén advirten dende hai tempo do perigo que supón o tramo da estrada de titularidade autonómica PO-252 Mondariz (PO-261)- Moscoso (PO-250) que cruza a súa parroquia. Especialmente, na zona de entrada ao núcleo e nas inmediacións do parque infantil do torreiro. De aí que veñan reclamando algún tipo de solución viaria entre os puntos PK11+500 e PK+850 que, entre outros, obrigue aos condutores dos vehículos a aminorar a velocidade, protexan aos viandantes e acondicionen ese entorno.

A poucos metros do punto quilométrico PK 11+250, os vehículos pasan a grandes velocidades sen respectar en ningún caso a limitación de 50 km/h de poboado, xustamente onde se atopa o parque infantil e o torreiro da festa, que son lugares de espaxamento con grande afluencias de familias especialmente en fins de semana. A isto contribúen as características do trazado neste punto da vía, xa que ao tratarse dunha recta con gran visibilidade é habitual que os vehículos aceleren neste tramo, pondo en perigo moitas veces as usuarias e usuarios do paseo que discorre ao carón da estrada e das rapazas e rapaces que xogan no parque infantil. Por se fora pouco, esta estrada é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

bastante transitada as fins de semana por grupos de motos que en ocasións pasan excedendo os límites de velocidade e xerando situacións de maior perigosidade.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer a Xunta de Galiza para mudar a actual situación de risco no tramo da estrada de titularidade autonómica PO-252 que cruza a parroquia de Xunqueiras, en Pazos de Borbén?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 14/11/2023 11:27:03

Paulo Ríos Santomé na data 14/11/2023 11:27:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2023 11:27:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación na que se atopa o Campus Terra de Lugo e as medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, e non é a primeira vez, pairou sobre o Campus Terra de Lugo (USC) a ameaza de recorte de titulacións. Concretamente, Paisaxe (creado en 2018/2019) e Enxeñaría Civil na Escola Politécnica Superior (EPS), Enxeñaría e Procesos Químicos Industriais na Facultade de Ciencias, así como a combinación cos campus de Ourense e Pontevedra das enxeñarías Agrícolas e Forestais, respectivamente.

Sobra dicir que materializar estas mudanzas suporía un durísimo golpe para un campus, como o de Lugo, especializado na formación e xeración de coñecemento arredor das ciencias da terra.

Malia que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) dixo con posterioridade que adiaba a decisión a dentro dun ano, o certo é que a nova ameaza de redución de titulacións no campus de Lugo causou unha enorme preocupación social non só no ámbito universitario senón no tecido social da cidade.

Lugo é un campus denominado periférico ao que a normativa da Xunta de Galiza, concretamente o Decreto 222/2011 impón unha serie de esixencias que veñen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dificultado o seu mantemento. De maneira significativa, a obriga de contar con 45 estudantes de novo ingreso cada ano para manter o mapa de titulacións actual.

Tendo en conta a realidade demográfica do interior de Galiza e tamén a falta de infraestruturas –ferroviarias e por estrada-- que lastran, desde hai décadas, o desenvolvemento social e económico da provincia de Lugo; o Campus Terra debera ser obxecto de medidas de discriminación positiva por parte do Goberno galego e non, como acontece, de esixencias cada vez máis duras para poder manter o seu funcionamento.

Neste senso, cómpre sinalar que no Plan de Financiamento do SUG, a Xunta de Galiza acordou coas universidades “optimizar” a súa oferta de titulacións para poder acceder a parte dos recursos económicos sendo que, a maior parte das veces, esa pretensa optimización resulta na redución de títulos ou na súa combinación con outros.

Para o Bloque Nacionalista Galego o Campus Terra non pode ser obxecto de novos recortes máis aínda en áreas de coñecemento que representan un valor fundamental presente, mais sobre todo futuro, para o País. Cómpre sinalar que o campus de Lugo representa un espazo de investigación e innovación de enorme valor para o tecido produtivo da provincia e desenvolve un labor fundamental en áreas de coñecemento referidas ao cambio climático e o seu impacto no sector primario. Razón pola que todos os esforzos, universitarios e políticos, deben centrarse na súa promoción e na garantía do seu funcionamento.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai permitir ou promover a Xunta de Galiza a supresión de titulacións no Campus Terra de Lugo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/11/2023 11:52:55

Cristina Fernández Davila na data 14/11/2023 11:54:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No Diario Oficial de Galicia do 17 de febreiro de 2023 a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes publicou a Orde do 9 de febreiro de 2023 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local prevista nas alíneas h), j) e k) do artigo 59.catro da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023, cun crédito de 15.600.000 €, destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, para o financiamento das seguintes actuacións:

- Liña 1. Investimentos destinados á mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas municipais, cun crédito de 8.600.000 €, cunha asignación máxima inicial por concello de 200.000 €.
- Liña 2. Adquisición de maquinaria e equipamento vinculado á prestación de servizos de competencia municipal, cun crédito de 2.000.000 €, cunha asignación máxima inicial por concello de 30.000 €.
- Liña 3. Investimentos destinados á modernización e á mellora das redes de abastecemento municipal, cun orzamento de 5.000.000 €, cunha asignación máxima inicial por concello de 50.000 €.



No artigo 5 establécense as actuacións financiáveis cos requisitos das actuacións.

Unha vez máis vemos como a Xunta de Galicia destina recursos aos concellos galegos sen que sexan os gobernos locais os que decidan a que se destinan, senón que o seu uso veña imposto pola Xunta de Galicia.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia condiciona estes fondos cara os concellos galegos?

Parlamento de Galicia, 14 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/11/2023 10:36:47

Paloma Castro Rey na data 14/11/2023 10:37:00

Pablo Arangüena Fernández na data 14/11/2023 10:37:10





A Mesa do Parlamento

Begoña Freire Vázquez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Partido Socialista (PSOE) e o Partido Nacionalista Vasco (PNV) veñen de asinar un acordo polo que, entre outras cuestións, se comprometen a facer efectivo o traspaso de varias competencias á comunidade autónoma vasca, como condición para o apoio dos nacionalistas á investidura.

Un dos puntos obxecto do pacto ten que ver coa transferencia ao País Vasco da xestión do litoral, exactamente a mesma reclamación que fai Galicia e que o Goberno que preside Pedro Sánchez vén negándonos desde hai anos.

Esta transferencia á comunidade autónoma vasca comprométese sen necesidade de modificar o seu estatuto de autonomía, mentres que esa esixencia de reforma estatutaria esta a servir de escusa para negarnos esta reivindicación feita desde Galicia.

Ademais, a sinatura deste compromiso faise tan só un día despois de publicarse no Boletín Oficial do Estado (BOE) o recurso de inconstitucionalidade que o actual Executivo central en funcións promoveu contra a lei galega do Litoral, que perde deste xeito toda a súa razón de ser.

Galicia aprobou a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, co aval do Parlamento e sen ningún voto en contra e, pese a iso, atópase cun recurso que impide seguir avanzando en moitos proxectos emprazados no litoral coa consecuente inseguridade xurídica.

A situación implica un evidente agravio contra a nosa Comunidade e unha diferenza de trato inxusta e inxustificable que varía en función do interese político do presidente do Goberno á hora de favorecer a determinados territorios e atender as súas demandas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do agravio que supón para Galicia transferir ao País Vasco a xestión do litoral mentres a Lei autonómica galega está recorrida e en suspenso?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2023 11:10:54
Nº Rexistro: 62272
Data envío: 15/11/2023 11:10:54.998

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Freire Vázquez, María Begoña na data 15/11/2023 11:08:08

Carmen María Pomar Tojo na data 15/11/2023 11:08:23

Ramón Carballo Páez na data 15/11/2023 11:08:38

José Manuel Balseiro Orol na data 15/11/2023 11:08:53

María Belén Salido Maroño na data 15/11/2023 11:09:07

José Luis Ferro Iglesias na data 15/11/2023 11:09:17

Rubén Lorenzo Gómez na data 15/11/2023 11:09:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-8kVbqwnL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Carmen Aira Díaz, Daniel Pérez López e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as condicións laborais e salariais das traballadoras do sector da limpeza de Lugo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai un mes (16 de outubro) as traballadoras do sector da limpeza de Lugo están en folga indefinida para esixir unha mellora nas súas condicións laborais e salariais.

Trátase dun conflito no marco da negociación do convenio colectivo que afecta por volta de 1.800 persoas traballadoras, moitas delas empregadas de empresas concesionarias dos servizos de limpeza da administración, tamén da Xunta.

Segundo as centrais sindicais, a proposta patronal de táboas salariais sitúa as remuneracións das traballadoras por baixo do Salario Mínimo Interprofesional (SMI). Neste senso, cómpre lembrar que as de Lugo son as traballadoras do sector da limpeza con peores salarios do Estado español.

Para o G.P. do Bloque Nacionalista Galego se ben a Xunta de Galiza, como autoridade laboral, non pode ser indiferente perante ningún conflito, menos aínda o pode ser nun sector no que ten unha responsabilidade directa a administración pública





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nos seus distintos niveis pois, debemos subliñar, que a administración contrata estes servizos para a limpeza das súas sedes e oficinas.

Por esta razón, o Goberno galego, no marco das súas competencias en materia laboral, debe adoptar unha posición activa co obxectivo, non só de resolver o conflito, senón tamén e sobre todo de garantir que as traballadoras dun sector esencial contan cunhas condicións de traballo –salariais e laborais-- dignas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas adoptou ou pensa adoptar a Xunta de Galiza para defender os dereitos laborais das traballadoras da limpeza de Lugo no marco do conflito polo convenio colectivo?

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 15/11/2023 12:12:04

María del Carmen Aira Díaz na data 15/11/2023 12:12:07

Daniel Pérez López na data 15/11/2023 12:12:16

Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2023 12:12:26



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O sistema informático do Sergas sufriu un grave problema no pasado 14 de novembro, que impediu o seu uso durante varias horas desa tarde.

Unha inutilización absoluta do sistema como a que sucedeu provoca un verdadeiro problema no Sergas. Impídese o acceso dos profesionais ás historias clínicas, á información real sobre cada paciente ou ao sistema de receitas conectado coa rede farmacéutica e impide que as persoas usuarias accedan a súa medicación. A relevancia desta información é obvia, e o feito de que este problema sucedese durante unha tarde aminorou as posibles consecuencias que podería ter de ser en horario de maior actividade. Cirurxías, consultas de seguimento ou probas diagnósticas que requiran de aparataxe informático estarían inutilizados e sería imposible funcionar. Tamén estivo afectado o 061, que puido ver posto en alerta un sistema complexo de asistencia ao non dispor de todos os recursos.

Problemas como este prodúcense algunhas veces, con duracións máis curtas, e esta vez foron horas as que o sistema estivo colapsado.

O sistema informático do Sergas é obxecto de numerosos investimentos anualmente, de decenas de millóns de euros que se repiten de maneira continuada. Non en tanto, non é sinxelo saber realmente que sucedeu e xorden as dúbidas sobre a necesidade de que o sistema informático estea máis protexido e teña alternativas de garantía de funcionamento.



A información ofrecida polo Sergas é mínima e con moitas lagoas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que sucedeu para provocar o colapso informático do Sergas o pasado 14 de novembro?

Santiago de Compostela, 15 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 15/11/2023 12:46:39

Marina Ortega Otero na data 15/11/2023 12:46:49



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A través de novas nos medios de comunicación do 14 de novembro, coñecemos a noticia da creación da sociedade público-privada “Recursos de Galicia (RDG)”, que nace “*baixo o paraugas da futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais en Galicia*”, con 15 millóns de euros de capital social inicial e coa previsión de acadar os 100 millóns en 2027, sendo a participación no dito capital da Xunta de Galicia o 30 %, correspondendo o 70 % restante a empresas galegas, e segundo as verbas do presidente de Xunta de Galicia, “*É garantía de que a xestión da riqueza natural de Galicia se traduza en riqueza social*”.

Segundo as novas, a empresa constitúese para o despregamento de novos proxectos de enerxía renovable, ligados á minaría ou que requiran da concesión de auga para usos como o acuícola, agropecuarios ou a produción industrial de bens de consumo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que con unha participación do 30 % da Xunta de Galicia na dita sociedade se garante o control público da xestión da riqueza natural da nosa comunidade?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2023 12:56:52
Nº Rexistro: 62285
Data envío: 15/11/2023 12:56:52.952

Parlamento de Galicia, 15 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/11/2023 10:47:19

María Leticia Gallego Sanromán na data 15/11/2023 10:47:33

Martín Seco García na data 15/11/2023 10:47:44

CSV: BOPGDSPG-8kVbqwnL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

228799

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O pasado 7 de novembro o Consello de Ministros aprobou unha proposta do Ministerio de Educación e Formación Profesional para destinar a Galicia 18.517704 euros (o 5,6 % do total) para Formación Profesional, Educación Infantil, ensinanza de programación e robótica e para a escolarización de desprazados pola guerra de Ucraína.

Dentro desta achega inclúense 7.045.122 euros para a creación de 1.139 prazas públicas e gratuítas do primeiro ciclo de Educación Infantil, de 0 a 3 anos, que se corresponde co último tramo do programa de cooperación territorial, que distribúen entre todas as comunidades autónomas 142,4 millóns de euros e que dende 2021 o Goberno do Estado ten destinado 670,1 millóns de euros.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Que valoración fai o Goberno galego destas achegas para crear prazas públicas e gratuítas de educación infantil de 0 a 3 anos?

Parlamento de Galicia, 15 de novembro de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2023 12:58:20
Nº Rexistro: 62289
Data envío: 15/11/2023 12:58:20.514

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/11/2023 12:53:43

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/11/2023 12:53:56

CSV: BOPGDSPG-8kVbqwnL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
228801

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Miguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Goberno do Estado acaba de aprobar no Consello de Ministros, a proposta do Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030, destinar á nosa comunidade 68,65 millóns de euros, o 6,24 % do total (1.099,99 millóns), procedentes do *Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia* (PRTR), para o plan de choque para a economía dos coidados, reparto que foi aprobado no pasado mes de outubro no seo do *Consejo Territorial del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia* (SAAD), o que completa a distribución de fondos entre as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla que proveñen do compoñente 22 do PRTR, que sumados aos investimentos de 2021 e 2022 acadan a cifra de 2.700 millóns de euros destinados a este fin.

Estes fondos poden ser destinados a investimentos, como dotación de novos equipamentos públicos para coidados de longa duración, baseados nunha nova arquitectura centrada nas persoas e na atención en entornos comunitarios, e remodelación e adaptación dos equipamentos existentes; a incorporación de novas tecnoloxías ao servizo dos coidados, mediante a introdución de equipamentos domiciliarios que favorezan a promoción da autonomía persoal mediante o uso da teleasistencia avanzada, así como de calquera outro medio tecnolóxico que permita a prestación de apoios e coidados en vivendas conectadas e entornos de coidados inclusivos, tamén no medio rural; e tamén se financiará con eles a transformación tecnolóxica dos servizos sociais mediante a implementación de programas integrais para introducir novas tecnoloxías na atención dos servizos sociais, co fin de mellorar a súa eficacia e



a súa calidade e que favoreza o intercambio de información entre sistemas e servizos, conforme ao plan de modernización dos servizos sociais. Os proxectos piloto de innovación en servizos sociais tamén contarán con financiamento para a modernización de infraestruturas, dixitalización e mellora dos modelos de protección residencial e acollemento familiar especializado de nenos, nenas e adolescentes, en especial de nenos e nenas migrantes non acompañadas ou con necesidades especiais.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cantos fondos ten recibido a nosa comunidade dende 2021, procedentes do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), para o plan de choque para a economía dos coidados?

Parlamento de Galicia, 15 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/11/2023 13:23:54

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/11/2023 13:24:11



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En data 13 de agosto de 2022, tras convocatoria pública realizada mediante unha nota informativa publicada no Concello de Castrelo de Miño, o conselleiro de Medio Rural reuníase coa veciñanza para explicar o proxecto dun polígono agroforestal nos montes de Prado de Miño.

Explicaba o Sr. conselleiro, acompañado de técnicos da propia consellería e exhibindo planos descritivos, que a superficie afectada serían 52 hectáreas, como recolle a nota de prensa remitida pola propia Consellería aos medios de comunicación. Ademais comprometíase a convocar outra reunión ao remate da vendima e manifestaba tamén o compromiso de catastrar os montes e fixar o prezo mínimo de venda ou arrendamento de parcelas, así como o destino das mesmas.

Segundo información de que dispón este grupo parlamentario, as veciñas e veciños do concello afectado non tiveron ningunha noticia máis sobre o tema que nos ocupa ata que no DOG número 93, de 16 de maio de 2023, publicouse o Acordo do presidente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Acordo do 9 de maio de 2023 polo que se inicia o procedemento de aprobación para o desenvolvemento do polígono agroforestal de iniciativa pública de Prado de Miño. Na publicación amplíase a idea orixinal de superficie, resultando que as 52 hectáreas orixinais, das que dera conta o propio conselleiro na reunión informativa aludida, se converten en 160.



Posteriormente, no DOG número 130, de 10 de xullo de 2023, a Consellería de Medio Rural publica o Decreto 108/2023, do 22 de xuño, polo que se declara de utilidade pública e interese social o referido polígono agroforestal .

En data 13 de outubro de 2023, publícase o Bando municipal, no que se informa que nos vindeiros días realizaranse os traballos de información aos veciños así como recollida de documentación das parcelas incluídas nos mesmo.

Posteriormente preséntase a empresa encargada dos traballos de investigación da titularidade entregando un documento as veciñas e veciños afectados, documento co que non están conformes en ningún caso , polo que reunidos en asemblea veciñal o 21 de outubro do presente ano acordar rexeitar calquera actuación encamiñada a posta en marcha do citado polígono agroforestal .

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que decisión vai adoptar a Xunta de Galicia, unha vez coñecido o rexeitamento das veciñas e veciños afectados polo actual proxecto de polígono agroforestal de Prado de Miño, no Concello de Castrelo de Miño?

Santiago de Compostela, 14 de novembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2023 16:57:17
Nº Rexistro: 62308
Data envío: 15/11/2023 16:57:17.514

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/11/2023 13:52:44

Marina Ortega Otero na data 15/11/2023 13:52:53

Martín Seco García na data 15/11/2023 13:53:03

CSV: BOPGDSPG-8kVbqwnL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
228806

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de a Xunta dar conta nesta cámara do proxecto que desenvolverá o programa 151A Fomento da Lingua Galega para 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2024, que con certeza será aprobado co único apoio dos votos do Partido Popular, confirma a deriva orzamentaria en negativo que este goberno vén aplicando ao programa 151A Fomento da Lingua Galega.

Ao mesmo tempo que o goberno do PP volve gabarse de contar cuns orzamentos en crecemento histórico, desde a Consellería de Cultura Educación, Formación profesional e Universidades, que no global tamén presenta un orzamento superior ao ano 2023, destina ao programa 151A Fomento da Lingua Galega unha cantidade exígua, mantendo practicamente conxelada a do ano pasado.

A falta de impulso orzamentario para avanzar en normalización lingüística é unha instrución política do PP que se ratifica por máis un ano e que, de o analizarmos en datos de progresión económica dos trece anos de goberno do Partido Popular, nos permite concluír que o orzamento para 2024 aínda non é nin a metade do correspondente a 2009.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha política de investimento económico regresivo que ten consecuencias na limitación dos posíbeis avances na restitución do galego en todos os usos sociais en igualdade co castelán e nunha política progresiva de normalización lingüística tal e como regula o marco lexislativo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que proxecto de impulso para a recuperación da igualdade para a lingua galega vai desenvolver o goberno galego ao abeiro do programa 151A Fomento da Lingua Galega?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2023 09:36:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 16/11/2023 09:36:59

Daniel Castro García na data 16/11/2023 09:37:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade urxente de cubrir a baixa do persoal médico de Pazos de Borbén.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Pazos de Borbén ten adscritas unhas 1.600 cartillas de adultos e 150 de pediatría. Aínda que en realidade, se o centro de saúde tivera un bo funcionamento e prestara un servizo de calidade e proximidade, con toda probabilidade ese número sería aínda maior, xa que o concello conta cunha poboación de case 3.000 habitantes. Porén o desmantelamento de servizos, a habitual situación de precariedade do cadro de persoal ou as carencias materiais, fan con que moitos veciños e veciñas deste concello se viran empurrados a mudar o seu médico de familia a outros centros da área. Este feito, de que haxa veciños que opten por inscribirse a kilómetros de distancia da súa residencia en concellos como Redondela ou Ponteareas, a pesar de que existen unhas pésimas comunicacións en transporte público, é o indicador máis claro do desmantelamento do servizo de atención en Pazos.

Esta degradación do servizo público de saúde vén condicionado pola decisión da Xunta de Galiza de recortar en persoal sanitario e incluso en medios materiais para que os profesionais poidan desenvolver adecuadamente o seu traballo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En cuanto á falta de persoal destaca o recorte do servizo de pediatría que efectuou a Xunta coa excusa da COVID. Antes da pandemia o servizo de pediatría era moi escaso, mais cando menos atendíase dous días á semana, 2 horas de mañá. Aproveitando a COVID o servizo suspendeuse e deixouse a 150 cativos sen atención en Pazos, obrigando aos pais e nais a desprazarse a Redondela para ser atendidos. Dous anos despois non se ten recuperado o servizo, nin tampouco a Consellería deu ningunha mostra de vontade de recuperar o servizo.

Outra carencia habitual de persoal é a que se produce cada vez que o facultativo ou a enfermeira están de vacacións ou de baixa. Nesta situación non se cobren as baixas e obrígase, novamente, aos doentes a desprazarse até o centro de saúde de Redondela. Precisamente dende o día 7 deste mes de novembro, novamente a médica de cabeceira que atendía volve estar de baixa sen que o SERGAS atope unha persoa que a substitúa. De forma que na actualidade os veciños e veciñas non teñen médico ao que acudir. A decisión da Xunta, en lugar de buscar unha solución que garanta a atención foi a de continuar cun proceso de desmantelamento progresivo: xa non se dan citas e as persoas que xa estaban citadas son recolocados en citas telefónicas noutros centros de saúde.

Esta situación é inaceptable. A Xunta de Galiza ten o deber de garantir o servizo de atención primaria de calidade e presencial para a veciñanza de Pazos de Borbén. A falla de persoal está impactando directamente sobre a saúde da xente e a súa calidade de vida.

Esta falta de substitutos é o resultado da política de desmantelamento do PP. Non se pode escudar o goberno galego en non lograr persoal para este centro cando é quen tomou a decisión de converter esa praza nun posto laboral cunhas condicións de traballo moi duras, porque o persoal está desbordado e hai severas carencias materiais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por tanto, revertir esta situación crítica ten que comezar por garantir a substitución do médico de baixa e debe continuar por un aumento do persoal médico de forma xeneralizada.

Na actualidade só existe un facultativo no centro que se ve obrigado a atender as consultas diarias, urxencias e desprazamentos a domicilio. Unha carga de traballo insoportable para un único facultativo. Isto fai que a ratio de paciente por médico de familia sexa moito máis elevado do que se recomenda para unha correcta atención. A isto hai que sumarlle o avellentamento da poboación de Pazos de Borbén e, por tanto, unha maior demanda do servizo sanitario. Iso fai con que o facultativo estea desbordado, chegando a recibir máis de 50 pacientes o día. A situación empeora cando se producen asistencias a domicilio, xa que son imposibles de cubrir cun único facultativo, quedando o centro de saúde sen médico nas súas saídas. O mesmo pasa no caso da enfermaría. Estas condicións son as que están a provocar unha elevada rotación do persoal, xa que debido as condicións laborais desisten do seu posto por outro destino con menor presión asistencial, e que as baixas sexan máis difíciles de cubrir. Por tanto a Xunta ten que intervir sobre esas condicións.

Por todo isto, este grupo considera urxente que o centro de saúde de Pazos de Borbén reciba os recursos de persoal e materiais necesarios para garantir que os veciños reciban un servizo sanitario de calidade.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Xunta de Galiza non está a cubrir as baixas do persoal médico do centro de saúde de Pazos de Borbén?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carmela González Iglesias

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 16/11/2023 10:51:23

Carmela González Iglesias na data 16/11/2023 10:51:28

María Montserrat Prado Cores na data 16/11/2023 10:52:18





A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Entre as medidas previstas polo Goberno galego para apoiar ás familias e apostar por unha Galicia máis conectada, sostible e socialmente comprometida atópase a iniciativa de conxelación das peaxes nas autoestradas de titularidade autonómica.

En concreto, o Consellería de Infraestruturas e Mobilidade reserva unha partida específica de 4,8 millóns de euros no proxecto de orzamentos de 2024 para manter conxeladas as peaxes da AG-55 (A Coruña-Carballo) e da AG-57 (Vigo-Baiona).

Unha medida que a administración autonómica xa aplicou no ano en curso, para evitar que os usuarios destas autoestradas teñan que afrontar a suba do IPC.

Nestas mesmas autoestradas autonómicas manterase, ademais, o paquete de bonificacións que a Administración autonómica vén aplicando desde 2010 a usuarios frecuentes, familias numerosas e en horario nocturno.

Có mantemento da conxelación das peaxes autonómicas preténdese apoiar ás familias; liberar desta carga aos 27.900 usuarios diarios destas autoestradas autonómicas que, grazas ao apoio da Xunta de Galicia, volverán a ser tamén en 2024, as máis baratas de España.

En contraste con esta situación, unha vez máis, os galegos descoñecemos o que vai pasar o 1 de xaneiro coas peaxes das autoestradas estatais que percorren a nosa Comunidade, a AP-9 (Autopista do Atlántico) e a AP-53 (Autopista Central de Galicia).

Todo parece indicar que volverán comezar outro ano como as máis caras de España, porque o Goberno que preside Pedro Sánchez tennos afeitos a primar o interese da concesionaria por enriba dos intereses dos galegos.

O único certo, neste momento, é que a previsión á alza do IPC e a aplicación da suba do 1% acumulativo polas obras de ampliación da AP-9 acordado con Audasa, pode dar lugar a que as peaxes da AP-9 se eleven case un 5% o vindeiro 1 de xaneiro.

É urxente que o Goberno de España aclare o que vai pasar e se ten pensado aplicar algún tipo de medida compensatoria, como fai a Xunta de Galicia, para paliar a suba das tarifas derivadas do IPC.





E urxe tamén un pronunciamento político determinante do Parlamento de Galicia, e das distintas forzas políticas con representación na Cámara, no que se inste ao Goberno de España a tomar exemplo da Xunta e aplicar unha medida de carácter social e demandada polos galegos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do feito de que aínda descoñezamos a intención do Goberno de España en relación có previsible aumento de cara a 2024 das peaxes das autoestradas estatais que percorren a nosa Comunidade, a AP-9 e a AP-53?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 16/11/2023 10:59:02

Carmen María Pomar Tojo na data 16/11/2023 10:59:19

Ramón Carballo Páez na data 16/11/2023 10:59:32

María Belén Salido Maroño na data 16/11/2023 10:59:46

José Luis Ferro Iglesias na data 16/11/2023 10:59:56

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/11/2023 11:00:09

Freire Vázquez, María Begoña na data 16/11/2023 11:00:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López, Rosana Pérez Fernández e Carmela González Iglesias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do sector Mar-Industria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector mar-industria, que é un dos sectores económicos e sociais máis importantes da Galiza, con un peso no noso PIB no entorno do 5% e con miles de empregos, está a vivir tempos críticos.

A situación xeopolítica internacional e as sucesivas crises, entre elas a carreira inflacionaria, ten provocado o descenso do consumo interno e mesmo o descenso do volume de exportacións, que aínda así medra en facturación.

Isto nun contexto de aumento de todos os custos de produción, enerxéticos, metal, materias primas e, sobre todo, os financeiros, ven provocando unha sucesión de noticias preocupantes sobre a saúde de diferentes grandes empresas deste sector que non poden pasar desapercibidas, así como continuas e diferentes manifestacións das patronais do sector sobre a necesidade de adoptar determinadas medidas de apoio desde os gobernos.

O contexto económico e social cambia, mesmo a nivel internacional, e a situación interior na Galiza tamén ten mudado profundamente nos últimos anos, sobre





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

todo e no que respecta a este sector pola desaparición das antigas Caixas de aforros, entidades sen as que non se pode entender o tremendo desenvolvemento deste sector estratéxico da nosa economía.

E tamén está a cambiar a composición do capital, coa entrada de empresas e fondos estranxeiros, nun proceso de desnacionalización do sector, que iso si, mantén o seu enorme peso relativo no conxunto do estado español en canto a centros de traballo, emprego e actividade, representando practicamente o 50%, mais que pode verse sometido no futuro, produto de reestruturacións dos novos grupos transnacionais, as deslocalizacións xa coñecidas en outros sectores industriais do noso país.

Un peso relativo enorme do sector na Galiza e completamente desatendido por todos os sucesivos gobernos estatais, que na actualidade ven de constatarase, máis unha vez, na ausencia dun PERTE específico para o sector Mar-Industria, o que por certo e tamén xa dun xeito recorrente, evidencia a falta de peso político do goberno galego no contexto estatal.

Darlle voz e corpo a este sector debería ser unha prioridade de calquera goberno galego con unha mínima vocación industrial, e artellar un foro sectorial permanente con capacidade de análise e de planificación, o punto de partida básico.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno :

Que ten pensado facer a Xunta de Galiza no actual contexto de cambios e de crise no sector Mar-Industria para consolidar a actividade e o emprego deste sector estratéxico?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carmela González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 16/11/2023 11:46:55

Daniel Pérez López na data 16/11/2023 11:48:23

Carmela González Iglesias na data 16/11/2023 11:49:06

Rosana Pérez Fernández na data 16/11/2023 11:49:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a insostíbel situación actual do servizo de transporte público na comarca da Barbanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sesión da Comisión de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos do 28 de abril de 2022 acordouse, por unanimidade e a iniciativa deste Grupo Parlamentar:

- Estudar os múltiples e importantes problemas que se están a rexistrar no transporte público da comarca da Barbanza e adoptar as medidas oportunas que garantan o cumprimento das condicións do contrato e, de ser o caso, abrir os expedientes e interpoñer as sancións oportunas por incumprimento das devanditas condicións.
- Demandar da empresa concesionaria do transporte público na Barbanza a mellora da información de cara ao público, poñendo á súa disposición a información dos horarios en todas as marquesiñas e paradas das distintas localidades
- Trasladar todos os problemas mencionados a Monbus e instala a cumprir cos horarios e as condicións do contrato, garantir a atención ao público de maneira presencial e resolver os problemas que se lle trasladen, así como os que lle fixeron chegar os concellos da Mancomunidad Arousa Norte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Grupo Parlamentar do Partido Popular, deu o seu voto favorábel para resolver a problemática do transporte público na Barbanza, que o BNG trasladou ao Parlamento en distintas ocasións, mais a Xunta de Galiza, como en tantas outras veces, non levou a cabo nin un soa actuación para dar cumprimento ao acordado unanimemente en sede parlamentar.

Tanto foi así, que na mesma Comisión pero un ano despois, o 12 de maio de 2023, volvemos debater outra iniciativa deste Grupo, que tamén se apoiou unanimemente e nesta ocasión, dado que os acordos que se tomaran no 2022 estaban sen sequera comezados a executar, propuxemos:

- Dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento galego do 28 de abril de 2022 en todos e cada un dos seus puntos.

- De constatare a persistencia dos incumprimentos continuos e reiterados da empresa concesionaria do transporte público na Barbanza, a súa falta de respecto polos usuarios e usuarias e as súas demandas e o incumprimento da lei, levar a cabo todas as actuacións legais precisas para esixirlle responsabilidades por danos e prexuízos, contemplando mesmo a rescisión do contrato actual.

Seis meses despois deste último acordo, constatamos non só que se seguen a producir ducias de incidencias, senón que a situación agravouse aínda máis, se cabe. A realidade diaria de miles de persoas faise cada vez máis insostíbel, o que provoca malestar, protestas dos usuarios e usuarias, nomeadamente do transporte escolar, denuncia dos concellos de continuos e flagrantes incumprimentos da empresa e, en definitiva, cada vez máis tensión polo desatendemento e caótico funcionamento do transporte público, non só das liñas en cada concello, senón entre concellos da comarca, entre comarcas (nomeadamente, entre A Barbanza e Muros e Noia) e entre a comarca e outros puntos do país (nomeadamente, a capital de Galiza).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai para tres anos do primeiro acordo unánime que tomamos no Parlamento e persisten as impuntualidades, os retrasos inxustificables e mesmo autobuses que non pasan nas horas previstas, a ausencia total de información nas marquesiñas e nas paradas dos horarios e frecuencias dos autobuses, o insuficiente número de autobuses e prazas nos mesmos, as deficiencias no estado dos autobuses, nalgúns casos calamitoso, a falta deles con adaptación ás persoas con mobilidade reducida, a incapacidade para atender os centros escolares, sendo as familias do alumnado quen realiza en moitas ocasións a función de “transporte escolar” que debera garantir a Xunta de Galiza, a descordinación e ata a desconexión co Hospital da Barbanza e cos Hospitais de Conxo e Clínico de Santiago ...

As “incidencias puntuais” coas que sempre se escusa o Goberno galego, tradúcense na realidade nun moi mal funcionamento dun servizo público esencial que, ininterrompidamente e dende hai anos, vén complicando a vida diaria de miles de usuarios e usuarias que dependen del e que fai imposíbel que poidan manter as súas actividades cotiás cun mínimo de normalidade.

A Xunta de Galiza non pode seguir facendo ouvidos xordos ás queixas e demandas diarias que se veñen producindo dende hai tanto tempo. A súa obriga é velar polo cumprimento estrito do que se contempla nos contratos, tomar as medidas necesarias para corrixir definitivamente este despropósito e, se aínda así continúan os incumprimentos, como é o caso, rescindir a concesión e proceder a un novo concurso.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como e cando vai resolver o Goberno galego a situación insostíbel que se vén mantendo dende hai anos no servizo de transporte público na comarca da Barbanza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/11/2023 12:41:10

Paulo Ríos Santomé na data 16/11/2023 12:44:49

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2023 12:45:38



Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O 6 de xullo de 2020, logo da sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Cruz Vermella Española en Galicia, iniciouse a execución dun programa extraordinario de axudas económicas para a cobertura de necesidades básicas á poboación en situación de vulnerabilidade ocasionada pola COVID-19, articulado a través de tarxetas moedeiro para a adquisición de produtos de alimentación, hixiene e farmacia.

Unha medida impulsada polos movementos sociais que loitan contra a pobreza dirixida ás persoas e familias residentes en Galicia que se atopan en situación de vulnerabilidade económica, ben porque carecen de ingresos efectivos, ou ben porque na unidade de convivencia non se perciben prestacións económicas periódicas regulares, de carácter mensual (Risga, PNC, IMV, RAI, prestacións por desemprego...), nin outros ingresos efectivos, que acaden, no seu conxunto, o importe que lle correspondería en concepto de tramo persoal e familiar de Risga, de acordo coas contías establecidas para o ingreso mínimo e os complementos familiares (artigo 21 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia).

Unha medida, reivindicada dende anos antes da súa implantación por parte de asociacións que loitan contra a pobreza ou a favor dos colectivos máis vulnerables da sociedade, e que reclaman que a Tarxeta Básica ou Tarxeta Moedeiro sexa unha medida permanente no tempo. De feito algúns destes movementos sociais, nomeadamente a través de EAPN Galicia indican que:



“A pesar da súa limitada duración, dende EAPN Galicia valorouse positivamente a posta en marcha dunha medida reclamada dende fai anos como un primeiro paso imprescindible pola dignidade das persoas, o afastamento do asistencialismo e da estigmatización e como apoio económico para os comercios de proximidade nun contexto de emerxencia social como a que estamos vivindo. Seguiremos demandando non só que esta iniciativa sexa permanente, senón sobre todo para que as persoas ou familias que a percibían pasen canto antes a un sistema de garantía de ingresos a partir do IMV e a Risga”.

Tendo en conta o contexto socioeconómico actual derivado do incremento de prezos e que máis de 600.000 galegos e galegas viven en risco de pobreza, especialmente acusada a pobreza infantil e a que sofren as familias monoparentais encabezadas por mulleres, é de xustiza retomar como permanente a Tarxeta Básica, non só pola prestación en si, senón pola privacidade das familias perceptoras e o poder desta medida contra a estigmación debido ás súas características.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Valora o Goberno galego retomar a Tarxeta Básica tal e como reclaman os movementos sociais que loitan contra a pobreza en Galicia?

Santiago de Compostela, 15 de novembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2023 13:42:53
Nº Rexistro: 62362
Data envío: 16/11/2023 13:42:53.181

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 16/11/2023 13:40:03

Julio Torrado Quintela na data 16/11/2023 13:40:12

CSV: BOPGDSPG-8kVbqwnL-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
228825

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Inspección de Servizos Sociais da Xunta de Galicia é fundamental ao tratarse dun servizo público que sustenta a calidade dos centros e das actividades das que fan uso moitos galegos.

Para o Goberno galego é unha prioridade que en todos os centros de servizos sociais da nosa comunidade, sexan da titularidade quen sexan, se ofrezca unha atención da máxima calidade.

E para poder facelo, a Xunta dispón dun equipo de inspectores que, de acordo ao Plan anual de Inspección revisa e avalía a situación na que se atopan os centros, indica como mellorar, e cando é necesario, impón sancións.

A Asociación Galega de Inspectores de Servizos Sociais (AGISS) a través dunha nota informativa enviada á prensa o 5 e agosto de 2023, denunciaba filtracións de inspeccións aos centros de servizos sociais.

A Consellería de Política Social e Xuventude, acordou o inicio dunha investigación interna con todo o equipo de inspección para descartar posibles irregularidades no servizo, como as que se denunciaron no comunicado da Asociación Galega de Inspectores de Servizos Sociais (AGISS).





Transcorrido xa un tempo desde o inicio dese procedemento, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales foron as actuacións realizadas ata o momento pola Consellería de Política Social e Xuventude?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 16/11/2023 16:39:54

José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2023 16:40:12

María Corina Porro Martínez na data 16/11/2023 16:40:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2023 16:40:42

Noelia Pérez López na data 16/11/2023 16:41:00

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 16/11/2023 16:41:14

López Sánchez, Rosalía na data 16/11/2023 16:41:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Carmela González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesaria modificación da proposta de regulamento para o Fondo de compensación das vítimas do amianto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 21/2022 de creación dun Fondo de compensación para as vítimas do amianto prevé na súa disposición adicional única a aprobación dun regulamento de desenvolvemento no prazo de 3 meses desde a publicación oficial da lei, que tivo lugar o 19 de outubro do 2022.

Vai, polo tanto, máis dun ano da publicación da Lei e o regulamento aínda non existe. Para o BNG resulta inxustificábel unha demora semellante que ademais ven engadirse a un proceso artificialmente prolongado, atrasando cada un dos sucesivos trámites lexislativos ou provocando discusións aberrantes sobre aspectos que deberan estar fora de toda dúbida.

Temos que lembrar que o proxecto de lei foi tomado en consideración por segunda vez no Congreso dos deputados o 13 de abril do ano 2021, e que o período para a presentación de emendas en comisión foi prorrogado nada menos que 20 veces pola mesa do congreso da anterior lexislatura, antes da aprobación final da Lei para a creación do Fondo 21/2022.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade, tanto o BNG como as asociacións de vítimas do amianto, tivemos coñecemento dun borrador ou proposta de Regulamento elaborado polo anterior goberno, aínda en funcións no momento de rexistrar esta iniciativa, que non satisfai a ninguén.

De feito, de aprobarse esta versión do Regulamento que coñecemos poderíamos dicir sen medo a nos enganar que o Fondo de compensación quedaría moi lonxe de cumprir os obxectivos e as expectativas de todas as entidades, sindicatos e partidos políticos que temos defendido ou feito nosa a demanda da creación deste Fondo de compensación para as vítimas do amianto, unha demanda que nace con un espírito e uns obxectivos moi determinados, e con unhas referencias internacionais tamén moi claras entre os países da nosa contorna.

Desde o BNG temos realizado un traballo a partir da proposta de Regulamento elaborada polo goberno estatal, consultando con diferentes persoas expertas na materia, así como coa asociación AGAVIDA e o sindicato CIG. E o resultado deste traballo é unha serie de propostas para modificar o borrador de Regulamento que consideramos gañarían peso político de contar co respaldo, tamén, das forzas políticas galegas con representación neste Parlamento.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten pensado realizar a Xunta de Galiza para que o Regulamento de desenvolvemento da Lei 21/2022 de creación dun Fondo de compensación para as vítimas do amianto dea cumprimento real e efectivo ás demandas e lexítimas expectativas das persoas vítimas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carmela González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 16/11/2023 16:56:04

Daniel Pérez López na data 16/11/2023 16:57:14

Carmela González Iglesias na data 16/11/2023 16:57:59





A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno de Galicia vén desenvolvendo unha importante aposta pola consolidación do transporte público, boa proba disto é o esforzo técnico e orzamentario que está a facer na extensión e mellora do servizo de autobús interurbano, de competencia autonómica, que fixo posible que este servizo estea presente en lugares que antes non chegaba, especialmente no rural e, ademais, con tarifas máis económicas e uniformes para todo o territorio.

Ademais a Xunta de Galicia tamén aposta por aproveitar ao máximo as oportunidades que para Galicia supón a alta velocidade ferroviaria, un ámbito de competencia estatal. Non hai dúbida de que a chegada do AVE a Ourense, aínda que con retraso, foi unha moi boa nova, pero cómpre seguir traballando e reivindicando porque, neste momento, aínda non chegou ao resto de cidades galegas.

É de sobra coñecida a demanda de Galicia de contar coa dotación suficiente de trens Avril (como mínimo 7) para facer posible a chegada da alta velocidade ás cidades que xa pode recibila, Santiago, A Coruña, Pontevedra e Vigo, e de que se acometan a mellora das infraestruturas para que, no menor tempo posible, se sumen a elas Ferrol e Lugo.

Tamén é preciso facer unha aposta real e decidida pola conexión por AVE con Portugal. Neste ámbito é preocupante que mentres o Goberno luso está a demostrar que cumpre cos seus compromisos o Goberno de España non ten dado ningún paso adiante. De feito levamos tempo urxindo o desenvolvemento da saída Sur de Vigo, do treito ata a fronteira co país veciños e a necesidade dunha nova conexión internacional sobre o Miño con Portugal.

Unha aposta pola alta velocidade que en todo caso non pode implicar desatender os servizos ferroviarios convencionais que teñen unha importancia capital para garantir a mobilidade dos cidadáns e para revitalizar e vertebrar o interior de Galicia e que nos últimos tempos están a sufrir un marcado deterioro, como consecuencia dos recortes orzamentarios e de servizos da rede ferroviaria estatal que percorre a nosa Comunidade.





Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que demandas identificou o Goberno galego para aproveitar ao máximo as oportunidades da alta velocidade ferroviaria en Galicia?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 16/11/2023 17:21:31

Carmen María Pomar Tojo na data 16/11/2023 17:21:51

Ramón Carballo Páez na data 16/11/2023 17:22:07

María Belén Salido Maroño na data 16/11/2023 17:22:21

José Luis Ferro Iglesias na data 16/11/2023 17:22:33

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/11/2023 17:22:49

Freire Vázquez, María Begoña na data 16/11/2023 17:23:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas levadas a cabo pola Xunta de Galiza para paliar as consecuencias económicas e sociais do impacto do Brexit na frota galega, nos sectores relacionados e nas zonas do país máis afectadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro do 2020, a Unión Europea e o Reino Unido acadaban o acordo sobre o Brexit. No mesmo ano, e prevendo as nefastas consecuencias do Brexit, o Consello da UE acordara, xa en xullo, adoptar un paquete de axudas de 5.000 millóns de euros para apoiar ás empresas e ao emprego dos sectores afectados, que constituían a Reserva de Axuste Brexit (BAR).

Malia ese significativo montante, ao sector pesqueiro comunitario só se destinaban 600 millóns de euros, e deles, unicamente 2,2 virían ao Estado español. Un irrisorio 0,35%, que se situaba moi por debaixo da porcentaxe de capturas dos buques do Estado en augas británicas, aproximadamente o 1% do conxunto da frota europea.

Naquel momento, este Grupo parlamentario xa trasladara ao Parlamento galego o descontento do sector no noso país, que consideraba discriminatorios os criterios de reparto, totalmente insuficiente a cantidade adxudicada e inexistente o cuestionamento duns e doutra por parte do Goberno español diante da UE.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso galego, os estudos feitos polo propio sector estimaron perdas para os barcos galegos que pescaban nos caladoiros británicos de 9 millóns de euros, só no ano 2021, sen contar cos demais sectores da cadea que se verían afectados.

O Regulamento da Reserva de Axuste, do 2021, estableceu como período de referencia para a súa aplicación dende o 01 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2023, aínda que a contía estaría dispoñíbel ata 2025, cando se levará a cabo unha revisión do gasto empregado.

É innegábel que o Brexit tivo, e segue a ter, importantes consecuencias para a frota galega, a comezar polo recorte de cotas de pesca e polos problemas derivados dos desacordos entre as políticas da UE e as do Reino Unido, que aínda se manteñen. A isto hai que engadir o dificultoso acceso aos fondos, a tramitación lenta e interminábel e os numerosos obstáculos burocráticos que impiden en moitas ocasións respectar e cumprir os prazos fixados e, polo tanto, limitan as posibilidades de utilizalos na súa totalidade.

Se o obxectivo do BAR era apoiar a quen dependen das actividades pesqueiras relacionadas coas poboacións compartidas co Reino Unido e mitigar as negativas consecuencias económicas e sociais do Brexit, sería totalmente incomprensíbel que os poucos fondos asignados ao Estado non se desen utilizado na súa totalidade.

Por outra banda, máis alá dos múltiples anuncios que a Xunta de Galiza vén efectuando dende aquela, especialmente no ano seguinte ao Brexit, o 2021, non nos consta a concreción dos mesmos, dende os informes realizados polo grupo de traballo creado no seo do Consello Galego de Pesca ata as actuacións que o propio presidente da Xunta asegurou que se levarían a cabo a prol do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións de apoio ten levado a cabo o Goberno galego para mitigar as consecuencias socioeconómicas que o Brexit tivo e está a ter na frota galega, nas actividades relacionadas con ela e nas zonas do país máis afectadas?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/11/2023 17:26:09

Carmela González Iglesias na data 16/11/2023 17:27:09

Daniel Castro García na data 16/11/2023 17:27:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Carmela González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as denuncias presentadas contra a empresa SOGARISA, situada no polígono do Concello das Somozas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 29 de outubro, domingo, tivo lugar un accidente nas instalacións de SOGARISA no polígono do Concello das Somozas que provocou un incendio. Non sabemos se por causa do estoupido que orixinou o incendio ou posteriormente, o caso é que segundo publican os medios de comunicación comarcais resultaron feridos dous traballadores, felizmente, sen gravidade. É probábel que o resultado tivera sido moi diferente de producirse o accidente en día laborábel e con moito máis persoal a realizar o seu traballo nesas instalacións.

Derivado deste incendio produciuse o vertido de augas contaminadas ao río Xuvia, e con este a mortandade de peixes, tal como advertiron tanto axentes do SEPRONA como unha asociación de pescadores e mesmo a Confraría de marisqueiros de Barallobre que detectou a chegada dos peixes mortos aos seus bancos marisqueiros na ría de Ferrol.

Este non é o primeiro incendio que se produce nas instalacións de SOGARISA, xa que en xaneiro do ano 2018 tivo lugar outro caso, aínda que sen feridos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén son recorrentes as queixas dos habitantes das ribeiras do río Xuvia ou do río Mera, así como de colectivos que frecuentan estes ríos, sobre os casos de contaminación das súas augas, que sempre achacan a vertidos orixinados no polígono das Somozas, situado augas arriba.

Desde o BNG vimos chamando a atención da Xunta de Galiza sobre estes feitos recorrentes, e demandando unha maior implicación e dilixencia das autoridades competentes para controlar a actividade industrial deste polígono e das súas instalacións auxiliares, sobre todo as relacionadas coa depuración das augas residuais, salientando a moi particular natureza destas actividades industriais, xa que estamos a falar dun polígono industrial moi especializado, que concentra unha serie de empresas dedicadas ao tratamento de residuos perigosos en cantidades e volumes moi elevados.

Por outra banda, os anuncios de novos proxectos industriais para este polígono están relacionados tamén coa actividade do tratamento de residuos ou con procesos químicos, polo que é razoábel dubidar da capacidade actual das infraestruturas do polígono e do Concello das Somozas para tratar como corresponde as augas residuais que orixinen conxuntamente todas as empresas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galiza auditar as empresas situadas no polígono das Somozas en canto as súas obrigas de Seguridade industrial e depuración de augas residuais?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carmela González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 16/11/2023 17:37:56

Daniel Pérez López na data 16/11/2023 17:38:02

Carmela González Iglesias na data 16/11/2023 17:38:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á axilización de estudos para determinar as causas da escaseza de polbo nas rías galegas e establecer medidas para a súa recuperación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende primeiros do mes de setembro, data na que aprobamos unanimemente no Parlamento

- “Levar a cabo os estudos necesarios para determinar as causas da escaseza de polbo nas augas galegas
- De acordo co sector, proceder á revisión das condicións a establecer no Plan Experimental (número de nasas, cotas máximas de captura, período de veda e control, medidas de loita contra o furtivismo, etc.)
- Dispoñer e incrementar as medidas de cobertura económica que permitan establecer paralizacións temporais, extensión da veda ou atender ao sector diante de calquera outra decisión de recuperación da especie”

As novas que fomos coñecendo sobre o estado e as capturas de polbo nas rías galegas non deixan moito lugar para a satisfacción.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia a que en distintas zonas, no mes de agosto houbo barcos que pararon a súa actividade ou cando menos non traballaron todos os días permitidos, o recurso non deu recuperado e a día de hoxe as capturas distan moito das acadadas, por exemplo, o pasado ano.

Despois do comezo da campaña, a primeiros de xullo, a finais do de agosto o sector aínda atopaba moitas femias ovadas, proba evidente de que as seis semanas de veda establecidas non foron suficientes para a protección da reprodución da especie. Ademais, a captura deses individuos poñería claramente en risco a campaña seguinte.

Despois de catro meses de actividade, a cantidade comercializada está máis de 200 toneladas por baixo da do 2022 e, en determinadas zonas onde o polbo é especie obxectivo a redución foi de preto do 40%, como é o caso da Costa da Morte.

Urxe, pois, poñer en marcha os estudos que determinen o que está a pasar e que tracen unha liña de actuacións a levar a cabo, xa que as consecuencias de non facelo poden ser aínda peores.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas puxo, ou vai poñer en marcha o Goberno galego para evitar que a produción de polbo das rías galegas se siga reducindo?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/11/2023 17:55:26

Carmela González Iglesias na data 16/11/2023 17:56:20

Daniel Castro García na data 16/11/2023 17:56:46





Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Adrián Pardo López, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Noelia Pérez López e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O recente acordo asinado entre o PSOE e Junts recolle algúns acordos de difícil encaixe constitucional e que supoñen un ataque grave á separación de poderes e ao Estado de Dereito.

Un destes puntos conflictivos que recolle o acordo é o seguinte: "A Lei de Amnistía, para procurar a plena normalidade política, institucional e social como requisito imprescindible para abordar os retos do futuro inmediato. Esta lei debe incluír tanto aos responsables como aos cidadáns que, antes e despois da consulta de 2014 e do referendo de 2017, foron obxecto de decisións ou procesos xudiciais vinculados a estes eventos. Neste sentido, as conclusións das comisións de investigación que se constituirán na próxima lexislatura teranse en conta na aplicación da lei de amnistía na medida que puidesen derivarse situacións comprendidas no concepto lawfare ou xudicialización da política, coas consecuencias que, no seu caso, poidan dar lugar a accións de responsabilidade ou modificacións lexislativas".

Isto foi rexeitado de plano por todas as asociacións de xuíces de España (Asociación Profesional de la Magistratura, Asociación Judicial Francisco de Vitoria, Juezas y Jueces para la Democracia y Foro Judicial Independiente) onde mostran o seu rexeitamento polas referencias ao "lawfare ou xudicialización da política" e as súas consecuencias.

Tamén alertan de que o "texto do acordo alcanzado contén explícitas referencias á posibilidade de desenvolver comisións de investigación en sede parlamentaria a fin de determinar a presenza de situacións de xudicialización da política, coas consecuencias que, no seu caso puidesen dar lugar a accións de responsabilidade ou modificacións lexislativas".

O que para as asociacións supoñería na práctica someter a revisión parlamentaria os procedementos e decisións xudiciais con evidente intromisión na independencia xudicial e quebra da separación de poderes.

En liñas moi similares mostrouse tamén a Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial que se opón de maneira frontal a este punto do acordo xa que "implica potencialmente someter a revisión parlamentaria decisións enmarcadas na





exclusividade do ámbito competencial dos nosos Tribunais que, doutra banda, entendemos producíronse de forma plenamente acorde coa legalidade entón axuizada. Por todo iso, a iniciativa apuntada implicaría unha inadmisíbel inxerencia na independencia xudicial e un flagrante atentado á separación de poderes".

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta sobre o acordo entre o PSOE e Junts no que recolle a constitución de comisións de investigación para a revisión en aplicación dunha futura lei de amnistía de situacións comprendidas no concepto de lawfare?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 16/11/2023 18:25:44

José Alberto Pazos Couñago na data 16/11/2023 18:25:59

Pardo López, Adrián na data 16/11/2023 18:26:13

María Sol Díaz Mouteira na data 16/11/2023 18:26:25


María Felisa Rodríguez Carrera na data 16/11/2023 18:26:39

Ana Belén García Vidal na data 16/11/2023 18:26:52

Noelia Pérez López na data 16/11/2023 18:27:03

Katherinie Varela Fernández na data 16/11/2023 18:27:19





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

